Proposta de organización asistencial en patoloxías de alta prevalencia. Medir para mellorar.

- Doutora Pilar Múgica, directora médica territorial do Grupo HM Galicia en HM Hospitais.

Retos e oportunidades do sector sanitario privado dentro do Sistema Nacional de Saúde.

- Debate.



► De esquerda a dereita: o doutor Javier de Toro Santos, académico numerario titular da cadeira de Reumatoloxía, e os doutores Francisco Martelo Villar e Alberto Juffé Stein, presidente e secretario xeral da RAMG. No atril: a doutora Estrella López Pardo, xerente do Sergas.



► De esquerda a dereita: o doutor Javier de Toro Santos, académico numerario titular da cadeira de Reumatoloxía, e os doutores Francisco Martelo Villar e Alberto Juffé Stein, presidente e secretario xeral da RAMG. No atril: o doutor José Ramón González Juanatey, académico numerario titular da cadeira de Cardiología.

27 (mércores), 18:00 h.

INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN TEMPORAL, TITULADA “A VACINA DA VARÍOLA 1803. DESDE A CORUÑA AO MUNDO”.

Instalada na planta baixa do Edificio municipal Salvador de Madariaga, do 27 de setembro ao 12 de novembro.

Organizada pola Real Academia de Medicina de Galicia.

Réndelles homenaxe aos protagonistas da expedición que partiu do porto da Coruña en 1803 a bordo da corveta María Pita, no que foi “o maior labor profiláctico da medicina no mundo”.

19:00 h.

HISTORIA DA INMUNIZACIÓN: DA INOCULACIÓN Á REAL EXPEDICIÓN FILANTRÓPICA DA VACINA.

Impartiu a conferencia o doutor Fernando Julio Ponte Hernando, académico numerario da cadeira de Historia da Medicina.

Presentou a sesión e o conferenciante o doutor Francisco Martelo Villar VILLAR, presidente da Real Academia de Medicina de Galicia.



► De esquerda a dereita: dona Eudoxia María Neira Fernández, concelleira de Benestar Social do Concello da Coruña; o doutor Francisco Martelo Villar, presidente da RAMG; dona Inés Rey, alcaldesa do Concello da Coruña; don Antonio Campos Muñoz, vicepresidente da Real Academia Nacional de Medicina; dona Marta Piñeiro Sotelo, subdirectora xeral de Información sobre Saúde e Epidemioloxía da Dirección Xeral de Saúde Pública, e don Juan Francisco Arrazola Martínez, xeneral xefe do Mando de Apoio á Manobra.



► De esquerda a dereita, primeira fila: o doutor Luis Ferrer i Balsebre; don Óscar Díaz García, director da Fundación CSAI; dona Eudoxia Neira, concelleira de Benestar Social do Concello da Coruña; o doutor Francisco Martelo Villar, presidente da RAMG; dona Inés Rey, alcaldesa do Concello da Coruña; o doutor José Miguel García Sagredo, secretario xeral da Real Academia Nacional de Medicina; dona Marta Piñeiro Sotelo, subdirectora xeral de Información sobre Saúde e Epidemioloxía da Dirección Xeral de Saúde Pública; don Juan Francisco Arrazola Martínez, xeneral xefe do Mando de Apoio á Manobra, e a doutora Carmen Montero Martínez. De esquerda a dereita, segunda fila: o doutor Alberto Juffé Stein, secretario xeral da RAMG; o doutor Jorge Alvar Esquerra, académico numerario de Medicina Preventiva e Social da Real Academia Nacional de Medicina; o doutor Francisco Vázquez Fernández; o doutor Antonio Campos Muñoz, vicepresidente da Real Academia Nacional de Medicina; o doutor Carlos Acuña Castroviejo, e o doutor Marcelino González Martín. De esquerda a dereita, terceira fila: os doutores Fernando Ponte Hernando, Rosendo Bugarín González, Jesús Pino Mínguez e Álvaro Ruibal Morell. De esquerda a dereita, cuarta fila: os doutores Federico Martínón Sánchez e Jorge Teijeiro Vidal. De esquerda a dereita, quinta fila: os doutores Rosa Meijide Faílde, Felipe Casanueva Freijo, Juan Gestal Otero e o coronel don Antonio Bernal, delegado de Defensa en Galicia. De esquerda a dereita, sexta fila: o doutor Javier de Toro Santos e o tenente coronel don Luis Casaseca Moreno, xefe de Sanidade na Escola Naval Militar de Marín. De esquerda a dereita, sétima fila: o doutor Javier Martínez Pérez-Mendaña e don Antonio Montero Roncero, coronel director do Museo Militar da Coruña.



- Na mesa presidencial, de esquerda a dereita: o doutor Antonio Campos Muñoz, vicepresidente da Real Academia Nacional de Medicina, e os doutores Francisco Martelo Villar e Alberto Juffé Stein, presidente e secretario xeral da RAMG. No atril: o doutor Fernando Ponte Hernando, académico numerario titular da cadeira de Historia da Medicina. No estrado de honra: don Juan Francisco Arrazola Martínez, xeneral xefe do Mando de Apoio á Manobra; o coronel don Antonio Bernal, delegado de Defensa en Galicia, e don Antonio Montero Roncero, coronel director do Museo Militar da Coruña.

A Coruña acoge una exposición sobre la expedición que exportó la vacuna de la viruela

La muestra, que se podrá ver de lunes a domingo de 12:00 a 14:00 y de 18:00 a 22:00, fue inaugurada en el día de ayer en la sala de exposiciones del edificio Salvador de Madariaga

GABRIEL MUÑOZ 10:12 · 28/9/2023



La alcaldesa visitó la exposición en A Coruña. **CONCELLO DA CORUÑA**

- El Español. Quincemil. 28 de setembro de 2023.

■ OUTUBRO

5 (xoves), 19:00 h.

CLAVES PARA UN ENVEJECIMIENTO SAUDABLE: TERAPIAS PARA VIVIR MÁIS E MELLOR.

Impartiu a conferencia o doutor José Antonio Flórez Lozano, académico correspondente e catedrático de Universidade de Oviedo.

Presentou a sesión e o conferenciante o doutor Alberto Juffé Stein, secretario xeral.



► Na mesa presidencial, de esquerda a dereita: o doutor Jorge Teijeiro Vidal, académico numerario titular da cadeira de Radioloxía, e os doutores Francisco Martelo Villar e Alberto Juffé Stein, presidente e secretario xeral da RAMG. No atril: o doutor José Antonio Flores Lozano, académico correspondente.

19 (xoves), 19:00 h.

INFECCIÓN POR VIRUS RESPIRATORIOS. VISIÓN DESDE UN CENTRO NACIONAL DE GRIPE DA OMS.

Impartiu a conferencia o doutor José M.^a Eiros Bouza, académico correspondente, catedrático e xefe do Servizo de Microbioloxía da Facultade de Medicina e Hospital Universitario Río Hortega, Valladolid.

Presentou a sesión e o conferenciante a doutora Carmen Montero Martínez, académica numeraria de Pneumoloxía.



► Na mesa presidencial, de esquerda a dereita: a doutora Rosa Meijide Faílde, tesoureira da RAMG, e os doutores Francisco Martelo Villar e Álvaro Ruibal Álvarez, presidente e vicepresidente da RAMG. No atril: o doutor José María Eiros Bouza, académico correspondente.

26 (xoves), 19:00 h.

COORDINACIÓN DOS SERVIZOS SANITARIOS E PSICOSOCIAIS EN SAÚDE MENTAL. A RAMG no X Outubro UDC Saudable.

Impartiu a conferencia dona Cristina Rivas Prado, psicóloga e orientadora laboral de Saúde Mental Feafes-Galicia.

Presentan a sesión e a conferenciante o doutor Sergio Santos del Riego, académico correspondente e director de UDC Saudable, e o doutor José Ramón Girón García, presidente da Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia, Saúde Mental Feafes Galicia.



► Na mesa presidencial, de esquerda a dereita: o doutor Jorge Teijeiro Vidal, académico numerario titular da cadeira de Radioloxía da RAMG, e os doutores Francisco Marelo Villar e Alberto Juffé Stein, presidente e secretario xeral da RAMG. No atril: o doutor Sergio Santos del Riego, académico correspondente e director da UDC Saudable. No estrado de honra: dona Cristina Rivas Prado, psicóloga e orientadora laboral de Saúde Mental Feafes-Galicia, e o doutor José Ramón Girón García, presidente da Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia, Saúde Mental Feafes Galicia.

■ NOVEMBRO

23 (xoves), 19:00 h.

SESIÓN DKV. O VALOR DA INTELIXENCIA ARTIFICIAL: SISTEMAS DE SAÚDE MÁIS HUMANOS.

Presentou a sesión o doutor Jesús Reboredo, director médico territorial de Galicia DKV.

Impartiu a conferencia o profesor Marcos Ortega Hortas, coordinador do Nodo UDC de Intelixencia Artificial.

Pechou a sesión o doutor Francisco Martelo Villar, presidente da Real Academia de Medicina de Galicia.



► Na mesa presidencial, de esquerda a dereita: o doutor Jesús Reboredo, director médico territorial de Galicia DKV, e os doutores Francisco Martelo Villar e Alberto Juffé Stein, presidente e secretario xeral da RAMG. No atril: o profesor Marcos Ortega Hortas, coordinador do Nodo UDC de Intelixencia Artificial.

28 (martes), 18:00 h.

GAES. A XORDEIRA: CAUSAS E SOLUCIÓN.

Intervención:

O doutor Francisco Martelo Villar, presidente da Real Academia de Medicina de Galicia, presenta a **sesión**.

O doutor Torcuato Labella Caballero, académico numerario de Otorrinolaringoloxía e catedrático de Otorrinolaringoloxía.

A repercusión da perda auditiva na calidade de vida.

O doutor Andrés Soto Varela, académico correspondente, profesor titular da USC e xefe do Servizo de Otorrinolaringoloxía do CHUS.

Causas da perda auditiva.

Dona Ana Sebelón Barrio, audioprotesista programadora de implantes co-
cleares no Hospital Teresa Herrera da Coruña, audioprotesista especialista
en implantes e adaptación infantil en GAES, unha marca Amplifón.

Tratamento protésico da perda auditiva.



► Na mesa presidencial, de esquerda a dereita: os doutores Álvaro Ruibal Álvarez, Francisco Martelo Villar e Alberto Juffé Stein, vicepresidente, presidente e secretario xeral da RAMG. No atril: o doutor Andrés Soto Varela, académico correspondente e xefe do Servizo de Otorrinolaringoloxía do CHUS.

■ DECEMBRO

14 (xoves), 19:00 h.

POR QUE O CEREBRO NECESITA OS MÚSCULOS. UNHA VÍA DE COMUNICACIÓN ÚNICA QUE TODOS DEBEMOS DE EXPLORAR.

Impartiu a conferencia o académico numerario de Fisioloxía, o doutor Carlos Acuña Castroviejo.

Presentou a sesión e o conferenciante o doutor Francisco Martelo Villar, presidente da Real Academia de Medicina de Galicia.



▶ Na mesa presidencial, de esquerda a dereita: os doutores Francisco Martelo Villar e Alberto Juffé Stein, presidente e secretario xeral da RAMG. No atril: o doutor Carlos Acuña Castroviejo, académico numerario titular da cadeira de Fisioloxía e vicesecretario-contador da RAMG.

SESIÓNS CIENTÍFICAS FÓRA DA SEDE ACADÉMICA

■ MARZO

14 (martes), 12:30 h.

Concello da Coruña. Centro Sociocultural Ágora.

CONCELLO DA CORUÑA. SOIDADE NON DESEXADA.

Interveñen os académicos:

Don Francisco Martelo Villar: **Envellecemento biolóxico.**

Don Francisco Javier de Toro Santos: **Envellecemento óseo.**

Don José Luis Rodríguez-Villamil Fernández. **Normas de saúde no envellecemento.**



► De esquerda a dereita: o doutor Javier de Toro Santos, académico numerario titular da cadeira de Reumatoloxía; o doutor Francisco Martelo Villar, presidente da RAMG, e José Luis Rodríguez Villamil, académico correspondente da RAMG.

■ OUTUBRO

18 (mércores) 17:00 h.

Colexio Oficial de Médicos de Santiago de Compostela.

FOMENTO DA SAÚDE A TRAVÉS DA PREVENCIÓN.

Moderación:

Doutor Francisco Martelo Villar, presidente da RAMG.

Doutor Enrique Domínguez Muñoz, académico numerario da cadeira do Aparello Dixestivo e xefe do Servizo Dixestivo do CHUS.

Intervención:

17:00 h. Doutora María Luz Couce Dopico, académica correspondente e xefa do Servizo de Neonatoloxía do CHUS.

Coidando a saúde desde a infancia.

17:20 h. Doutor Andrés Soto Varela, académico correspondente e xefe do Servizo de ORL do CHUS.

Prevención das caídas en persoas de máis idade.

17:40 h. Doutor David Suárez Quintanilla, académico numerario de Odontostomatoloxía. Catedrático da USC.

Doutor, aperto e rincho os dentes pola noite: importancia e repercusións clínicas.

18:15 h. Doutor Rafael López López, académico numerario de Oncoloxía e xefe do Servizo de Oncoloxía do CHUS.

Conferencia de clausura.

O reto do tratamento do cancro. Presente e futuro.

■ NOVEMBRO

15 (mércores), ás 17:00 h.

Salón de actos. Hospital Arquitecto Marcide. Ferrol.

X XORNADA COORGANIZADA POLA REAL ACADEMIA DE MEDICINA DE GALICIA E O SERVIZO DE XINECOLOXÍA DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE FERROL SOBRE O SOLO PELVIANO.

Programa:

16:00 h. **Presentación e xustificación da xornada.** Ángel Facio Villanueva, Javier Martínez Pérez Mendaña e Manuel A. Veiga Tuimil.

16:15 h. **Epidemioloxía e etiopatoxenia dos trastornos do solo pelviano na muller.** Sara Jove Rodríguez.

16:35 h. **Prevención dos trastornos do solo pelviano.** Natalia Freire Barja e Generosa Yáñez Cerezal.

17:05 h. **Diagnóstico dos trastornos do solo pelviano.** Pedro Beira Salvador.

17:35 h. **Coloquio.** Moderador: Ignacio Ramos Calahorra.

17:50 h. **Descanso.**

18:05 h. **Criterios de derivación á Unidade Multidisciplinar de Solo Pelviano Feminino do ASF.** Belén Río Martínez.

18:35 h. **Indicacións de tratamento médico.** Aránzazu Ruiz Castillo.

19:05 h. **Indicacións de tratamento cirúrxico. Indicacións da urodinamia.** Jessica Molinos Mayo.

19:35 h. **Rehabilitación do solo pelviano. Exercicios terapéuticos.** Esther Ruiz Calero.

20:05 h. **Casos clínicos interactivos.** Raquel Iglesias Méndez.

20:25 h. **Coloquio.** Moderador Ignacio Ramos Calahorra.

20:50 h. **Clausura da xornada.** Javier Martínez Pérez Mendaña.

16 (xoves), 17:00 h.

Colexio Maior A Estila. Santiago de Compostela.

II XORNADA PARA ESTUDANTES SANITARIOS. Organizada pola USC, a Real Academia de Medicina de Galicia e o Colexio Maior A Estila.

INAUGURACIÓN: Miguel Jiménez de los Galanes, director do Colexio Maior A Estila.

PERIGOS E BENEFICIOS DO FENTANILO E DOS CANNABINOIDES. Unha análise farmacolóxica. Profesor Manuel Freire Garabal, catedrático de Farmacoloxía da USC.

NOVAS PERSPECTIVAS NA SEXUALIDADE. Na procura dunha sexualidade sa. Gabriel Serrano Romero, psicólogo na Clínica Doctor Carlos Chiclana, Madrid.

REAL ACADEMIA DE MEDICINA DE GALICIA. 200 anos de compromiso co avance da medicina. Francisco Martelo Villar, presidente da Real Academia de Medicina de Galicia.

CLAUSURA: Giancarlo Bolledi, alumno de quinto de Medicina da USC e presidente do Club de Medicina do Colexio Maior A Estila.

II

ACTIVIDADES PARTICIPATIVAS DA REAL ACADEMIA DE MEDICINA DE GALICIA EN ACTOS ORGANIZADOS POR OUTRAS INSTITUCIÓN NA SEDE ACADÉMICA



■ FEBREIRO

1 (mércores), 19:00 h.

UNIÓN DEMOCRÁTICA DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DA CORUÑA.

A estética dental e Facial non é cuestión de idade. Impartiron a conferencia os doutores José M.^a Suárez Quintanilla, Miguel Quevedo Bisonni e Valeria Sciaini Lewis.

28 (martes), 18:00 h.

ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AMAS DE CASA CONSUMIDORES E USUARIOS.

Síndrome de Asperger. Impartiron a conferencia os psicólogos Uxío Amil e Paloma Rodríguez.

■ MARZO

15 (mércores), 19:00 h.

UNIÓN DEMOCRÁTICA DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DA CORUÑA.

Logopedia ao longa da vida. Impartiu a conferencia Ana Isabel Vázquez Lojo e Cristina Fernández Barros, da Xunta Directiva do Colexio de Logopedas da Coruña.

■ ABRIL

19 (mércores), 18:00 h.

UNIÓN DEMOCRÁTICA DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DA CORUÑA.

Instrucións previas sobre coidados e tratamentos da saúde. Impartiu a conferencia dona Luz Campello García, xefa do Servizo de Traballo Social do CHUAC.

■ MAIO

31 (mércores), 18:00 h.

UNIÓN DEMOCRÁTICA DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DA CORUÑA.

Enfermidades reumáticas. Impartiu a conferencia Lucía Fernández Caamaño, terapeuta ocupacional da Liga Reumatolóxica Galega, e Jessy Viqueira San José, psicólogo.

■ XUÑO

12 (luns), 18:00 h.

ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL EL HORREO.

Conferencia sobre arte. Interven as profesoras Ana Ulloa Sande e Sonsoles Ortiz Urbina.

21 (mércores) 18:00 h.

UNIÓN DEMOCRÁTICA DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DA CORUÑA.

Envellecemento e fragilidade. Podemos previlo? Impartiu a conferencia o catedrático José Millán Caletí.

■ OUTUBRO

25 (mércores), 18:00 h.

UNIÓN DEMOCRÁTICA DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DA CORUÑA.

Unha aproximación á enfermidade de párkinson. Impartiu a conferencia dona Sandra García, responsable da área de Fisioterapia da Asociación Párkinson Galicia-A Coruña.

■ NOVIEMBRE

15 (novembro), 18:00 h.

UNIÓN DEMOCRÁTICA DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DA CORUÑA.

Sobreendementamento das familias. Impartiu a conferencia dona Belén Rodríguez Palleiro, avogada e experta en dereito de consumo.

III

PARTICIPACIÓN DA REAL
ACADEMIA DE MEDICINA
DE GALICIA EN ACTOS
ORGANIZADOS POR
OUTRAS INSTITUCIÓN



■ XANEIRO

- **23 de xaneiro, 18:00 h.** Entrevista coa alcaldesa do Concello da Coruña.

■ FEBREIRO

- **3 de febreiro, 11:00 h.** Acto de inauguración da rúa doutor José Carro Otero, en Santiago de Compostela.

■ MARZO

- **6 de marzo, ás 13:30 h.** Acto na Capitanía: “Embaixador Marca Exército, doutor Ponte Hernando”.
- **14 de marzo.** Conferencia organizada polo Concello da Coruña no Ágora.

■ ABRIL

- **3 de abril, ás 13:30 h.** Acto da toma de posesión de don José Ramón Gómez Besteiro como delegado do Goberno en Galicia. Palexco.

■ MAIO

- **3 de maio, ás 19:00 h.** Presentación do libro Valentín González, secretario xeral de Política Lingüística, na Fundación Luis Seoane.
- **15 de maio.** Presentación do novo hospital na sede do Colexio Oficial de Médicos da Coruña.
- **23 de maio.** Reunión por *zoom* co Colexio Oficial de Médicos de Ourense. Panelista.
- **24 maio.** Reunión en Santiago de Compostela co Consello Asesor da Consellería de Sanidade.

■ XUÑO

- **1 xuño, ás 20:00 h.** Acto en Previsión Sanitaria Nacional, na rúa Juana de Vega.

- **6 de xuño, ás 12:00 h.** Entrevista en Estrella Galicia.
- **28 xuño, ás 13:00 h.** Medallas Castelao, en Santiago de Compostela.

■ SETEMBRO

- **20 de setembro.** Reunión en Santiago de Compostela co Consello Asesor da Consellería de Sanidade.

■ OUTUBRO

- **18 outubro, ás 12:06 h.** Lectura Cajal, por *zoom*, coa Real Academia Nacional. Doutor Francisco Martelo e doutora Rosa Meijide. Reunión en Santiago de Compostela co Consello Asesor da Consellería de Sanidade.
- **30 de outubro, 11:00 h.** Rolda de prensa na Autoridade Portuaria da Coruña.
- **18:30 h.** Presentación do Folleto do Porto sobre Jenner na Autoridade Portuaria da Coruña.

■ NOVEMBRO

- **7 de novembro, ás 20:00 h.** Academia de Belas Artes.
- **13 e 14 novembro.** Acto de presentación do *Dicionario panhispánico de termos médicos*, da Real Academia Nacional de Medicina, Madrid.
- **16 de novembro, 12:45 h.** Colexio Maior A Estila. Santiago de Compostela.
- **17 de novembro, ás 18:00 h.** Aniversario da Escola de Arquitectura da Coruña.
- **21 de novembro.** Reunión en Santiago de Compostela co Consello Asesor Consellería de Sanidade.
- **27 novembro, ás 13:00 h.** Reunión co concelleiro de Centros Sociais de Santiago de Compostela.

■ DECEMBRO

- **1 decembro.** Acto do nomeamento como doutor *honoris causa* do doutor Ángel Carracedo, na Universidade Complutense de Madrid.

IV

SESIÓNS SOLEMNES CIENTÍFICAS IN MEMORIAM



■ FEBREIRO

9 (xoves), 19:00 h.

SESIÓN CIENTÍFICA IN MEMORIAM DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR ACADÉMICO NUMERARIO, O DOUTOR MANUEL PEREIRO MIGUENS.

Interveñen os académicos:

- Doutor Fco. Javier Jorge Barreiro, académico numerario de Anatomía Humana.

Unha viaxe no tempo do científico e dermatólogo doutor Manuel Pereiro Miguens.

- Doutor Manuel Pereiro Ferreiros, académico numerario de Dermatoloxía.

Traxectoria científica do doutor Manuel Pereiro Miguens, un referente no campo da micoloxía médica.

- Doutor Francisco Martelo Villar, presidente da Real Academia.

Peché da sesión.

DISCURSO DO DOUTOR JAVIER JORGE BARREIRO, ACADÉMICO NUMERARIO DE ANATOMÍA HUMANA

Agradézolle ao presidente da Real Academia de Medicina de Galicia que me elixira para dirixirllas a vostedes unhas palabras na homenaxe ao doutor Manuel Pereiro Miguens, polo feliz que me fixo e polo extraordinario afecto, admiración e agarimo que sempre lle procesei, tanto a el como á súa familia.

Observamos a Manuel Pereiro Miguens nos seus últimos anos como un cabaleiro e un excelente médico dermatólogo e cun currículo fóra do común que non tentarei relatar. Referireime ao seu tempo e á evolución da persoa. El foi médico por vocación e historia, e posuía unha curiosidade innata de

investigador que o levou a prestixiar a súa especialidade e a Galicia a través da dermatoloxía, e sempre apoiado pola súa familia.

Tocoulle vivir un período histórico convulso, xa que tivo que sufrir dúas grandes guerras: a Segunda Guerra Mundial e a guerra civil española. El soubo adaptarse en todo momento á súa situación e aos grandes avances da ciencia en España, desde a maior penuria ata o desenvolvemento da bioloxía molecular.

Do seu carácter, pódese destacar primeiro que era unha boa persoa, extraordinariamente educado e de boas maneiras, que nunca levantaba a voz, moi afable, aínda que parco en palabras. El sempre tentou facer o ben a todo o mundo, e en especial aos seus enfermos, aos seus seus colegas e á súa familia.

Manuel Pereiro Miguens naceu en Santiago de Compostela o 18 de agosto do ano 1921 no domicilio dos seus pais. O médico que o axudou a traer ao mundo, o doutor Antonio de La Riva, tivo que durmir no seu domicilio, pois o bebé tivo a ocorrencia de nacer ás 4 da madrugada. Na súa época, o normal en familias podentes era que os partos se realizasen nos domicilios, xa que nos hospitais as infeccións posparto eran moi frecuentes e de difícil tratamento, e máis se temos en conta que aínda non se descubriran os antibióticos nin os antifúnxicos, e que ata o século XIX, en que Louis Pasteur (1864) e Robert Koch (1876) demostraron que as bacterias eran responsables das enfermidades infecciosas, moitos médicos non crían nas bacterias como causa de enfermidade, e algún tardou bastante máis tempo en convencerse.

Unha das características da súa personalidade é a de ter un fino espírito do humor, que podíamos denominar británico ou galaico. Contando o acontecido durante os primeiros días da súa vida expresábase: “Segundo me contaron, os meus pais pasaron os primeiros días despois do meu nacemento sen problemas ata que empecei a protestar chorando, e a miña nai decatouse que se lle retirou o leite, polo cal pasei á alimentación con biberóns, e deixeiños durmir tranquilos”.

Un dos primeiros recordos da súa vida foi o do coche do seu pai, un automóbil convertible americano de marca Essex. Lembra que o seu pai para conducilo adoitaba poñer unha gorra de visera, e ás veces lentes de motorista e un gardapó, pois a maioría das estradas non estaban asfaltadas e o automóbil cubríase de po tanto por dentro coma por fóra. Nas estradas secundarias, acordábase de que os peóns, tanto nenos coma adultos, con

certa frecuencia, adoitaban tirarlles pedras aos escasos automóviles que circulaban, por iso no garaxe adoitaban ter un bote de pintura e pincel para retocar os danos que se producían. Víñaselle á memoria o día en que se avariou o coche do seu proxenitor, o cal non era infrecuente, e regresaron a Santiago grazas a que o doutor Roberto Novoa Santos, moi amigo do seu pai, lles enviou o seu coche.

A persoa que máis influíu nel foi o seu pai, Manuel Pereiro Cuesta (1892-1952), xa que ademais de darlle a metade dos seus xenes foi o seu primeiro mestre de dermatoloxía. Pereiro Cuesta estudou Medicina en Santiago e, ao finalizar a súa carreira, desprazouse a Madrid para especializarse en dermatoloxía e venereoloxía, no Hospital San Juan de Dios, co profesor Juan de Azúa y Suárez, e ao mesmo tempo cursar as materias do doutoramento. Asistía con asiduidade aos congresos en España e no estranxeiro, aos cursos do Hospital San Luis de París, e publicou artigos de dermatoloxía que, tanto polo número de publicacións coma polo seu contido, eran moi importantes para a época, sobre todo se temos en conta que era un médico dedicado preferentemente á medicina privada, aínda que tamén exercía como médico no Gran Hospital Real de Santiago e na Leprosaría de San Lázaro. Todo iso levouno a ter un gran prestixio en Galicia e en España. Exerceu a especialidade en Santiago de Compostela desde o ano 1918, ata o seu falecemento en 1952. Primeiro estableceuse na rúa Nova, despois na rúa de San Miguel, núm. 2, para por último trasladarse en 1942 á praciña de San Miguel, núm. 9, onde dedicou a primeira planta a consulta e as superiores a vivenda.

O avó de Manuel Pereiro Miguens, Román Pereiro Aroca, foi farmacéutico en Santiago de Compostela e ao mesmo tempo nos Ánxeles (Brión), onde tiña unha casa construída polo seu bisavó Manuel Pereiro Caeiro, que era un arquitecto de recoñecido prestixio en España. En Santiago de Compostela, construíu edificios como o do Banco Olimpio Pérez, o da Escola de Belas Artes e diversas casas na rúa do Vilar, Orfas e rúa Nova.

A nai de Manuel Pereiro, Josefa Elisa Miguens Fojo, naceu e viviu durante a súa mocidade na Arxentina, tanto en Bos Aires cos seus tíos coma nunha leira de grandes dimensións (Chacra) na cidade de Quilmes, a 25 quilómetros da capital. Regresou a Galicia para vivir en Caldas de Reis os veráns e durante o inverno en Málaga. Era unha muller culta e cariñosa con todos os seus fillos, aos que lles ensinou a ler e a escribir en castelán. A Manuel e ao seu irmán Román ademais ensinoulles francés e, cando Manuel comezou a súa carreira de Medicina, o inglés e o alemán.

Manuel Pereiro Miguens tiña cinco irmáns: Román, Elisa, Pilar, María e José Rafael. De pequeno, Manuel foi un neno bo que non lles daba problemas aos seus pais. Estudou a educación primaria na súa casa axudado pola profesora Teresa Carril e pola súa nai, que o prepararon para o ingreso no bacharelato. Nesa época, estaba moito tempo na casa e só saía pasear coa súa nai e cos seus irmáns os días de bo tempo.

Os veráns pasábanos ata o ano 1932 nos Ánxeles e, partir desa data, en Portosín. El acordábase das normas que lle esixían nas praias durante a época da guerra civil, xa que os homes tiñan que poñer encima do traxe de baño un pixama, e as mulleres un camisón, e a moralidade nas praias era vixiada por falanxistas.

Ao finalizar a guerra civil, os irmáns Pereiro deixaron de veranear en Portosín e volveron aos Ánxeles, debido á existencia das cartillas de razoamento, e por problemas de transporte, xa que aos seus pais lles requisaron o automóbil. Nesa época tiñan que desprazarse en bicicleta.

Durante eses veráns da posguerra, Manuel Pereiro Miguens aproveitaba para ler libros relacionados sobre todo coa medicina e coa bioloxía. Foi unha época na que comprou bastantes libros, o que lle permitiu formar unha pequena biblioteca. A súa avoa adoitáballe dicir: “Raparigo, non fas máis que comprar libros”.

O seu tío, Miguel Pereiro, era médico nos Ánxeles, e permitíalle acompañalo cando tiña que visitar algún enfermo, a onde adoitaban ir en bicicleta. Con el tivo a oportunidade de presenciar a súa primeira autopsia.

Cando finalizou a guerra, el estudaba 7.º curso de bacharelato e tiña que facer a reválida, que consistía nunha tradución do latín, nuns problemas de matemáticas e, por último, nun exame oral sobre temas de botánica, historia, xeografía, ciencias e castelán. Como el e os seus compañeiros de curso non sabían moito latín, pedíronlle ao reitor que aos alumnos de Santiago lles puxesen unha tradución de francés, no canto do latín. Xustificaron a súa petición en base a que, por ter que asistir a moitas manifestacións relacionadas coa vitoria do xeneral Franco, tiveron moi pouco tempo para estudar latín. A petición asinoua en nome de todos os seus compañeiros Manuel Pereiro, por ser un alumno que nunca suspendeu. O Reitorado accedeu á súa petición.

En outubro de 1939, comezou a estudar a carreira de Medicina. Na facultade, impresionárono as materias de Anatomía e Técnica Anatómica, impartidas

polo profesor Ángel Jorge Echeverri. A primeira era teórica, e a el sempre lle quedaron gravados os debuxos realizados no encerado con xices de cores, as proxeccións do atlas de anatomía, o esqueleto da aula, e unha figura en forma de manequín que aínda na actualidade se atopa na facultade. Na materia de Técnica Anatómica, dunha hora diaria de duración, realizaban disección e analizaban os ósos do esqueleto.

Manuel Pereiro Miguens comezou os traballos de investigación relacionados coa medicina e realizados no laboratorio antes de comezar a licenciatura, xa que o seu pai ensinoulle a facer e a revelar fotografías, a manexar o microscopio e a tinguir frotis en portaobxectos co material dos seus enfermos. Puido comprobar na realidade a importancia do laboratorio para, mediante as tinguiduras con azul de metileno e Gram, observar a *Neisseria gonorrhoeae* de pacientes con blenorrxia. Tamén utilizou o microscopio de campo escuro para evidenciar o *Treponema palidum* dos chancros sifilíticos. Por outra banda, aprendeu o manexo e a tecnoloxía de laboratorio de análises clínicas co seu tío Román Pereiro, médico analista en Vigo. Nesa época, entre os moitos libros que leu, dous libros de Santiago Ramón y Cajal producíronlle un grande impacto e profundaron a súa vocación investigadora, refírome a *Os tónicos da vontade* e a *Regras e consellos para a investigación científica*.

No segundo ano dos seus estudos, presentouse á oposición de alumno interno de Anatomía, praza que obtivo e que lle serviu para comezar a súa carreira docente e investigadora. O profesor Ángel Jorge Echeverri creara un laboratorio de investigación en anatomía, no cal os médicos e os alumnos internos realizaban traballos relacionados con temas anatómicos: xa sexa inxectando as arterias cunha mestura sulfocrómica que permitía facer moldes arteriais, realizando tinguiduras de cortes macroscópicos e microscópicos do cerebro ou estudando macro e microscopicamente fragmentos dos diversos órganos e tecidos. Como alumno interno axudaba nas clases prácticas, e nunha ocasión lembra que tivo que impartir a súa primeira clase teórica, o que lembrou toda a súa vida. O tema que explicou foi “Os músculos anterolaterais do abdome”, que os alumnos seguiron con grande atención.

Sendo alumno interno, axudoulle durante un verán ao profesor Gumersindo Fontán a preparar as diseccións rápidas, que esixían para as oposicións a cátedra e ás que se presentaría don Gumersindo.

No laboratorio de Anatomía, coñeceu un compañeiro, Eduardo Gallego, fillo de Abelardo Gallego Canel, catedrático de Farmacoloxía e Terapéutica

Veterinaria na Escola Veterinaria de Santiago durante dezanove anos (1903-1922), e que posteriormente se trasladou a Madrid, xa que no ano 1922 obtivo a Cátedra de Histoloxía, Anatomía Patolóxica e Patoloxía Xeral da Escola de Veterinaria de Madrid e chegou a ser un dos veterinarios máis prestixiosos do noso país. O seu fillo Eduardo estaba nos últimos anos da súa carreira en Madrid cando estalou a guerra civil, mobilizárono como soldado republicano e pronto ascendeu primeiro a alférez e despois a capitán. Ao gañar o xeneral Franco a guerra, a Eduardo trasladárono ao campo de prisioneiros de Lavacolla, onde lle permitían asistir ás clases de Medicina. O profesor Echeverri fichouno para o laboratorio de Anatomía, pois coñecía as súas habilidades en técnicas histolóxicas aprendidas do seu pai Abelardo. Eduardo ensinoulle a Manuel Pereiro as técnicas histolóxicas máis en vangarda, entre elas a tinguadura tricrómica inventada polo seu pai e que Manuel continuou utilizando durante toda a súa actividade profesional para o diagnóstico dalgunhas enfermidades cutáneas con alteración das fibras elásticas.

Sempre lembrou con agarimo todos os profesores que tivo na súa carreira e, en especial, os de Anatomía xa citados, de Obstetricia a don Antonio de La Riva, de Farmacoloxía a don Antonio Novo Campelo, de Fisioloxía a don Ramiro Sánchez Calvo e a don Cándido Masa, de Histoloxía e Anatomía Patolóxica a don Ramón Varela, de Microbioloxía e Hixiene a don Ulpiano Villanueva, de Dermatoloxía a don Manuel Villar Iglesias, de Oftalmoloxía a don Francisco Gallego, de Otorrinolaringoloxía a don José García González, de medicina interna a don Pedro Pena e de Patoloxía Xeral a don Manuel Álvarez.

Ao finalizar a súa carreira en 1946, debatíase entre o ensino básico de anatomía e a clínica de dermatoloxía, aínda que o seu pai indicáballe que a uroloxía era unha boa especialidade e tiña moitos puntos de encontro coa dermatoloxía, pero el nun principio decidiuse pola anatomía, ao mesmo tempo que por dermatoloxía, para máis adiante dedicarse só á dermatoloxía.

Os seus primeiros traballos científicos foron sobre temas anatómicos, publicados nos Arquivos de Anatomía da Facultade de Medicina de Santiago. Continuou ligado á facultade exercendo a docencia como adxunto interino de Anatomía (auxiliar) durante dez anos ata 1957, e posteriormente como adxunto de Dermatoloxía (1957-1965).

Ao mesmo tempo, dedicouse a traballar xunto ao seu pai, mesmo antes de finalizar a carreira de Medicina, observando como exploraba, diagnostica-

ba e trataba os enfermos da súa consulta. Tamén realizaba os traballos de laboratorio necesarios para o diagnóstico dermatolóxico, os máis frecuentes nesa época eran os diagnósticos microscópicos das enfermidades venéreas, e os exames micolóxicos directos con KOH nas posibles dermatofitose, os máis habituais na década dos corenta e dos cincuenta eran as tiñas do coiro cabeludo.

Desde a súa época de alumno interno de Anatomía, tivo unha querenza especial polo laboratorio. O seu pai, ao observar a súa afección por todo o que tivese que ver co laboratorio, encargoulle realizar cultivos co material que tiña dos pacientes con tiña, pois cando estivera no Hospital San Luis de París, no laboratorio do doutor Sabourraud, acordábase de que tiñan moitas colonias de dermatofitos cultivados no interior de matraces, e a el gustaríalle facer o mesmo en Santiago. Para iso, Manuel Pereiro Miguens foise a Vigo para que o seu tío Román, médico analista, lle ensinase a preparar o medio de *Saboureaud*, que despois el modificou e preparou no pequeno laboratorio que tiña o seu pai, chegando a xuntar a maior colección de cultivos de fungos, que doou ao Departamento de Dermatoloxía da Facultade de Medicina.

Nunca se esqueceu do primeiro material que sementou, procedía dunha paciente que presentaba distrofia das uñas dos dedos polgares e a súa nai lesións nas mans con aspecto clínico de acrodermatite pustulosa de *Allo-peau*. Nos cultivos creceron colonias de fungos contaminantes, a maioría con micelio estéril, que non puido identificar nese momento, como honestamente dixo el por falta de experiencia e por ter poucos libros sobre micose. O profesor Serranillo propúxolle que fose á Facultade de Farmacia, onde lle ensinou as técnicas que alí se utilizaban para realizar preparacións destinadas ao exame morfolóxico dos fungos. Así empezou a historia do mellor micólogo clínico de Galicia, e un dos mellores de España.

Posteriormente, foise a Madrid ao servizo do doutor Sanz de Aja, onde o doutor Puchol lle ensinou todo o coñecido sobre os dermatofitos, e aconselloulle que comprase o libro do doutor Negroni, titulado *Morfoloxía xeral dos fungos e técnica micolóxica*.

A pesar da escaseza da posguerra, foi capaz de conseguir os medios suficientes para realizar exames micolóxicos en 160 pacientes con dermatofitose, sobre todo tiñas do coiro cabeludo, nos que realizou cultivo dos fungos. Con este material, o profesor Ulpiano Villanueva, catedrático de Microbioloxía e Hixiene, patrocinoulle a súa tese de doutoramento, que leu en Madrid en maio de 1948.

Despois de realizar a tese, tanto o seu pai coma o doutor Sanz de Aja, o profesor Gay Prieto e o profesor Gómez Orbaneja aconselláronlle superespecializarse en Micoloxía, e dixerónlle que o apoiarían para trasladarse á Arxentina ao servizo do doutor Negroni, xa que ao estar moi recente a finalización da Segunda Guerra Mundial era difícil sacar diñeiro de España para ir a Europa. Como a súa nai era arxentina, e propietaria dunha casa e dispoñía de medios económicos nese país, decidiu irse de decembro do 1948 a decembro de 1950 a traballar co doutor Negroni en Bos Aires. Polas mañás, estaba no Servizo de Dermatoloxía do Hospital Ramos Mejía de Bos Aires co profesor Quiroga e no Centro de Micoloxía Médica, polas tardes no Instituto Bacteriolóxico Malbran co profesor Negroni, e asistiu tamén ao curso de micoloxía médica e industrial que impartía este profesor.

Á súa volta da Arxentina, casou con Mercedes Ferreirós Espinosa, persoa moi intelixente e con carácter complementario ao do seu marido. Tiveron cinco fillos: Manuel (médico), Mercedes (médico), Elisa (bióloga) e María Luisa (química). Manuel e Mercedes continuaron a saga de grandes dermatólogos da familia, e é de esperar que algún dos seus netos tamén a continúe. A súa muller era unha persoa excepcional, que tivo unha importancia capital na súa profesión. Licenciouse en Física e Química, e decidiu colaborar co seu marido. Grazas a ela, el puido seguir co laboratorio e coa consulta de dermatoloxía, e foi ela unha persoa de importancia capital para todos os traballos realizados polo seu marido.

Manuel Pereiro Miguens dedicou algo máis de cincuenta anos ao estudo e ao exercicio da dermatoloxía e micoloxía médica, a maior parte do tempo na súa consulta privada, na que seguiu sempre as pautas da Escola Médica Compostelá, a fonte limpa. Na súa consulta non lles cobraba aos pobres ou aos que tiñan soldos baixos, aos curas, aos policía e aos estudantes.

Aínda que era un dermatólogo completo, destacou especialmente pola micoloxía. O estudo dos fungos no laboratorio foi sempre dirixido cara á filoxenia, á taxonomía e á identificación das cepas illadas dos pacientes, factores moi importantes para un tratamento adecuado das micoses.

Observou ao longo do seu exercicio profesional os cambios que se produciron na súa especialidade tanto no aumento de dermatólogos coma no interese médico no estudo das micoses, do que foi el un dos pioneiros. Na clínica observou como co tempo cambiaban o tipo de pacientes, pero a micoloxía continuou sempre estando de actualidade. Díciáanos que os pacientes inmunodeprimidos pola sida ou polo tratamento quimioterápico puxeron na

diana da prensa as micoses. Quen non coñece hoxe o *aspergillus*?, aínda que os diarios o citen coma se se tratase dun fungo descuberto recentemente, foi descuberto por Fresenius en 1850.

Contribuíu cos seus cursos realizados en Santiago, en España e no estranxeiro a que os especialistas coñecesen mellor a micoloxía. Cada vez que se fundaba unha asociación médica, veterinaria ou microbiolóxica para o estudo e o desenvolvemento da micoloxía, sempre contaron con Manuel Pereiro Miguens como alicerce fundamental, polos seus coñecementos e polo seu carácter desprendido e bondadoso que evitaba os conflitos e poñía de acordo as persoas.

Cando empezou a traballar no seu laboratorio, podía realizar todas as técnicas para o diagnóstico das enfermidades producidas por fungos, pois o material necesario era fácil de conseguir e accesible economicamente. Os avances da medicina estendéronse polo campo da dermatoloxía, e así ata a secuenciación do ADN. El non quedou atrás, e conseguiu illar o ADN de varias cepas de dermatofitos, pero non dispoñía de medios económicos para poñer en marcha a súa análise, e recorreu ao doutor Carracedo para a secuenciación do ADN dos dermatofitos. Soubo adaptarse a todas as tecnoloxías que foron aparecendo ao longo da súa dilatada traxectoria profesional, xa que traballou no laboratorio ata os 80 anos. A súa última liña de investigación continúaase na actualidade na cátedra do profesor Toribio polo seu fillo Manuel Pereiro Ferreirós, profesor de Dermatoloxía na Facultade de Medicina e Académico desta corporación.

Nunha época na que había un baixo ambiente científico e profesional, Manuel Pereiro Miguens contou coa súa vocación a proba de contrariedades, cunha vontade férrea, co labor solitario no laboratorio e co esforzo persoal e familiar para chegar a ser unha referencia na dermatoloxía. Parafraseando a Primo Levi, podemos dicir que ademais de todos os seus méritos científicos foi un home íntegro, sinxelo, humano, servicial, humilde, firme, flexible e cariñoso.

Dixen.

DISCURSO DO DOUTOR MANUEL PEREIRO FERREIRÓS, ACADÉMICO NUMERARIO TITULAR DA CADEIRA DE DERMATOLOXÍA

Sempre é complicado resumir a vida dunha persoa, e máis canto máis abundan os detalles e máis confusa é a liña que separa os recordos familiares da actividade científica, como é o caso da miña familia. Nesta ocasión, o ilustre compañeiro e amigo que acaba de falar ocupouse da parte persoal que ao meu pai se refire e, por quedar isto en tan excelentes mans, pensei que debía comezar explicando como xurdiu esa dedicación especial á micoloxía, xa que coa deriva actual das especialidades hai quen se pregunta que fai un dermatólogo na investigación básica en micoloxía.

Como xa se comentou hoxe, a vocación pola dermatoloxía veulle polo seu pai, Manuel Pereiro Cuesta, tamén dermatólogo formado no San Juan de Dios, que completou a súa formación con estancias no Hospital Saint Louis de París con Gougerot, Millian e o propio Sabouraud, coautores do segundo e terceiro tomos da *Nouvelle Pratique* dedicados ás infecciosas no que Sabouraud se ocupada das tiñas, Gougerot do eritrasma, da pitiríase versicolor, da esporotricose e dos micetomas e Millian da sífile.

Hai que ter en conta que os grandes descubrimentos que situaron a medicina de entón como unha ciencia punteira, realizados por Yersin, Pasterur, Koch e outros, producíronse no coñecemento das enfermidades infecciosas e tiveron un enorme impacto social, e os seus autores foron considerados auténticos heroes nacionais. Así, en congresos como o IV Congreso dos Dermatólogos e Sifiliógrafos de Lingua Francesa de París en 1929, ou no *Congresorum* de Budapest en 1935, Sabouraud era o personaxe principal no centro das fotografías oficiais. E merecía, pois ideou tratamentos entón revolucionarios que lograron que en toda Europa se pechasen as salas de hospitais que se dedicaban aos nenos tiñosos e as escolas especiais onde se lles confinaba para evitar os contaxios, co que se conseguiron non só beneficios para os pacientes, senón tamén un gran beneficio económico para a sociedade.

Os congresos, igual que agora, servían para tecer relacións, e así o fixo o meu avó cos franceses do Saint Louis xa mencionados e con españois como Covisa, Sáinz de Aja e Gómez-Orbaneja, que como veremos tiveron un destacado papel en momentos clave da traxectoria que seguiu o meu pai.

Chegamos xa a el cando o meu avó e outros dous dermatólogos galegos decidiron asistir ao Congreso de Dermatoloxía que tivo lugar en Sevilla en 1939, con España aínda en guerra. No último momento, a prudencia fixo que

Salón de la Hoz, dermatólogo santiagués, renunciase á viaxe e, ao contar con tres pases, o meu pai apuntouse alegremente, co que os Pereiro pai e fillo, en compañía de Laureano Solla, asistiron ao evento. O meu pai acababa de empezar os seus estudos de Medicina, así que, aínda que só como oínte, este foi o primeiro congreso de dermatoloxía ao que asistiu.

En 1946, ao terminar a licenciatura, acode a Madrid ao San Juan de Dios para formarse en Dermatoloxía e inicia a súa tese de doutoramento dirixido polo profesor Ulpiano Villanueva, catedrático de Microbioloxía e Hixiene da Facultade de Medicina de Santiago, sobre as tiñas en Galicia, identificando os dermatofitos con tan só a parca axuda das superficiais descrições da *Nouvelle Pratique*. Coas ideas da época, buscábase en toda unha etiología infecciosa, así que o seu primeiro cultivo foi un caso de acrodermatite continua de *Hallopeau* que loxicamente foi negativo, pero co tesón que sempre o caracterizou completou a súa tese e defendeuna en Madrid en maio de 1948.

Nese ano, nunha reunión da Escola Profesional de Dermatoloxía e Vene-reoloxía presidida polo profesor Gay Prieto, cuxas actas correspondentes ao bienio 1948-49 se publicaron no tomo IX das Actas de Dermatoloxía e Sifiliografía, referíndose ás futuras funcións desa escola, Sáinz de Aja opi-na sobre “a conveniencia de que perfeccionemos o estudo da micoloxía”, e engade máis adiante que “... deberíamos estimular e dar facilidades para que fosen algúns a especializarse traballando con Negroni, ou con algún dos máis destacados especialistas”. A iso Gay Prieto respondeu que tomaba en consideración as propostas de Sáinz de Aja, pois parecíanlle interesantes, polo que lle ofreceu apoio a calquera dermatólogo novo que estivese disposto a trasladarse á Arxentina para estudar micoloxía. En consonancia con estas ideas, o meu pai acudiu aos profesores Gay Prieto e Gómez Orbaneja, que lle deron senllas cartas de presentación para o profesor Pablo Negroni de Bos Aires para que proseguise alí a súa formación en micoloxía e Puchol, que era o encargado do laboratorio do Servizo de Dermatoloxía do San Juan de Dios, aconselloulle que comprase o libro de micoloxía de Pablo Negroni titulado *Morfoloxía xeral dos fungos e técnica micolóxica*. Así, armado coas dúas cartas e ese libro, o meu pai embarcou na pasaxe Cabo de Hornos e, xa en Bos Aires, conseguiu un permiso de residencia cun falso contrato de traballo na fábrica de cervexas Quilmes.

Unha vez instalado, ponse ás ordes do profesor Negroni, que traballaba polas mañás no Hospital Ramos Mejía e polas tardes no Instituto Bacteriolóxico Malbran, en cuxo Departamento de Micología tiña Negroni o seu laboratorio.

Xa desde o principio, o meu pai destacou polo seu interese e dedicación, participando como docente de prácticas en cursos impartidos por Negroni e como relator en congresos como o que en 1950 se organizou en Río de Xaneiro en honra a Fleming, onde estableceu relación con Emmons, un destacado micólogo que nos anos trinta fixou as características microscópicas dos tres xéneros de dermatofitos recoñecidos na actualidade: *trichophyton*, *microsporum* e *epidermophyton*.

Grazas ao seu labor e aos seus esforzos, a Universidade de Bos Aires ofreceulle a meu pai unha bolsa para continuar a súa formación no que máis tarde se coñecería como o Centro para as Enfermidades Comunicables (CDC), en Atlanta, pero o seu pai, o meu avó, instouno moi encarecidamente para que retomase o plan inicial, que era desenvolver a micoloxía en Madrid. Con todo, a morte prematura do meu avó obrigou a meu pai, o maior de cinco irmáns, a facerse cargo da consulta de San Miguel, onde exerceu ininterrompidamente ata o ano 1999, onde alcanzou un gran prestixio como profesional, á vez que dedicaba gran parte do seu tempo e esforzos ao labor investigador.

Mantivo sempre un estreito contacto coa actividade científica da dermatoloxía española, e foi un asiduo participante de congresos, reunións e publicacións realizadas polos grupos dos profesores Sáinz de Aja, Gay Prieto, Gómez Orbaneja, Vilanova, quen contaba sempre con el para abordar temas de micoloxía, e o mesmo fixeron os seus discípulos repartidos por toda España, pois era interese común que os dermatólogos traballasen e investigasen nese campo. Nesa liña, os congresos de dermatoloxía manteñen seccións dedicadas á micoloxía nas que nós sempre participamos. Naqueles anos, era tradición realizar cada dous anos un Congreso Hispano-Portugués de Dermatoloxía, onde o meu pai iniciou a súa relación cos dermatólogos profesores portugueses Juvenal Estévez e Da Cruz Sobral de Lisboa e Poiares Batista de Coímbra. Este último, tras unha conferencia que impartía eu, díxome: “Ti es o rei do fungo, mais teu pai é o emperador”. Xa poden imaxinar a dobre satisfacción do meu pai cando llo contei.

O meu pai foi sen dúbida o discípulo predilecto de Negroni, como me confirmaron en varias ocasións o propio Pablo Negroni e o seu fillo Ricardo, tamén ilustre micólogo. Iso deulle pé a establecer uns contactos internacionais que nos beneficiaron a todos os que nos dedicamos á micoloxía en España, porque moi pronto se estableceu unha sólida relación con dermatólogos e micólogos de toda América, como Carlos Da Silva Lacaz, de Brasil,

quen describiu o aínda hoxe enigmático *Lacazia loboi* das lobomicoses, a enfermidade de Jorge Lobo, quen sempre enviaba dedicadas ao meu pai as sucesivas edicións do seu libro *Micoloxía médica*; Pedro Lavalle, de México, con quen colaborou no estudo das esporotricoses, ou con Dante Borelli, de Venezuela, que descubriu varias especies de dermatofitos tropicais como o *Trichophyton phaseoliforme*, e orientouno en relación cunha especie de orixe tropical que descubriu o meu pai. Así mesmo, colaborou con Gioconda San Blas, dedicada ao *Paracoccidioides brasiliensis*, endémico en Venezuela e que aquí en Galicia illamos en varias ocasións de pacientes retornados da América latina. Pero quizais a máis transcendente entre estas amizades científicas americanas foi Libero Ajello de Atlanta, que creou a Unidade de Diagnóstico, Referencia e Investigación en Micoloxía do CDC, un personaxe que realmente modificou o concepto dos dermatofitos separándoos doutros fungos dos mesmos xéneros que non son patóxenos habituais. Con el colaborou estreitamente no estudo do *Microsporon gypseum*, que en Galicia se illa con significada frecuencia.

Ao ser Negroni un discípulo directo de Sabouraud, a relación coa micoloxía europea partiu do grupo francés, con Guy Badillet, do Hospital Saint Louis, quen dirixía o laboratorio que foi de Sabouraud, rodeado polo mesmo po que deixou Sabouraud —segundo o mesmo Badillet nos asegurou cando a miña irmá Mercedes e mais eu lle manifestamos o noso interese en coñecer ese mítico lugar—, e cos coñecidos como “os tres mosqueteiros do instituto Pasteur”: Francoise Mariat, Gabrielle Segretain e Edouard Drouhet. Con todos eles, pero especialmente con Segretaine, chegamos a ter un grande amizade sendo nós frecuentes hóspedes da súa casa París e eles da nosa casa de San Miguel. Como anécdota, unha estancia do matrimonio Segretaine en Santiago coincidiu co acto de defensa da miña tese de doutoramento á que asistiu Gabriel a pesar de non saber absolutamente nada de español, polo que o día anterior á defensa tiveron que explicarlle toda a tese en inglés, o que verdadeiramente foi a mellor preparación posible para a defensa que se poida desexar.

Ao longo dos anos, o grupo francés foise unindo e confraternizando co British Micological Council; con Mackenzie, o seu director; Mary Moore, a do *Neoscytalidium hyalinum* das onicomioses, Guillian Midgley, que revolucionou o xénero *Malassezia*; Odds, o maior experto en fermentos do xénero *Candida*, e un longo etcétera. Franceses e ingleses en insólita harmonía, ademais de estudar as micoses desenvolvían outras entusiastas activida-

des, con Odds tocando o piano e os demais facendo o que podían mentres empuñaban as súas respectivas pintas de cervexa, ao final das reunións.

Non procede agora detallar toda a súa prolongada actividade científica no campo da micoloxía, os seus numerosos traballos abarcan desde as dermatofitoses máis comúns ata as micoses sistémicas por *Paracoccidioides*, micoses por fungos oportunistas dos xéneros *Fusarium* e *Aspergillus*, determinación da sensibilidade a antifúngicos no laboratorio, e un longo etcétera.

Pero o que máis lle interesou ao meu pai foron os aspectos relacionados coa taxonomía dos dermatofitos, tema aínda hoxe controvertido. A identificación das especies baseada en criterios morfolóxicos macro e microscópicos foi sempre confusa e ao longo do tempo, como outros científicos de todo o mundo, tentou diversas abordaxes chegando mesmo a interesarse por técnicas de identificación molecular. Entre todos os seus traballos, destaca a descrición do dermatofito que bautizou co nome de *Trichophyton fluviomuniense*, pois illouno dun paciente procedente de Río Muni, hoxe considerado integrante do chamado “complexo rubrum”. Publicouno en 1968 en *Sabouraudia*, hoxe en día *Medical Mycology*, engadindo, como ditan as normas da nomenclatura botánica, a obrigada descrición en latín á que lle axudou Moralejo pai catedrático de Latín de Santiago. E presentouno á dermatoloxía española no memorable Congreso de Granada de 1969, no que se engadiron as palabras “médico-cirúrxica” ao nome da nosa especialidade.

Presentouno tamén no Congreso Mundial de Xapón en 1970, onde quedou sorprendido de que varios dermatólogos xaponeses insistisen en facerse fotografías con el, xa que estaban a estudar precisamente o fluciomuniense.

Pero, sen dúbida, a súa máis transcendente achega á micoloxía española constitúea a fundación en 1977, con Jaime Borrell Valls, Josep Guarro Artigas e Carlos Luis de Cuenca, da Asociación Española en Micología, e a posta en marcha da *Revista Iberoamericana de Micología*, da que rapidamente, e grazas aos seus contactos internacionais, se fixeron subscritores micólogos de moitos países. A revista está recollida desde hai anos no *Journal Citation Clasificación*. Como presidente da antedita asociación, organizou o Segundo Congreso Nacional de Micología en Santiago e o Décimo Congreso Mundial de Micología, que tivo lugar en Barcelona en 1988.

En toda historia hai personaxes que entran e saen, uns por longas tempadas e outros brevemente e uns de forma máis intensa ca outros. Eu entrei no mundo da micoloxía porque cando lle pedín ao meu xefe e mestre, don Jaime

Toribio, un tema de tese, sinaloume o laboratorio, entón baleiro, e díxome que sería unha pena non continuar o labor do meu pai. Non procede en absoluto falar de min, pero hai unha pequena historia memorable. Como saberedes, moitas veces os descubridores dunha nova especie de fungo bautízanos en honra aos seus mestres, é o caso do *Penicillium marnerfeii* de Segretaine, hoxe *Talaromyces marneffeii*, que é o fungo patóxico máis mortal que existe, e que estivo a piques de matar o propio Segretaine tras inocularse con el accidentalmente no laboratorio, accidente que, á parte de case custarlle a vida, o valeu para demostrar a súa elevada patoxenicidade fóra de toda dúbida. Tras o suceso, Segretaine foi visitar o seu mestre Marneff para pedirlle permiso para bautizar co seu nome a nova especie. Este deulle o permiso e díxolle que esperaba que fose un bo fungo.

A nosa anécdota comezou cando Amalia del Palacio, micóloga do 12 de Outubro, nos mandou unhas cepas raras de *Malassezia pachydermatis* parcialmente lípidodependente para que as estudásemos. Nós atopamos unhas diferenzas nas restricións encimáticas da rexión ITS do ADN nuclear que parecían xustificar a súa proposta como especie independente, e así o fixemos no ano 2003 bautizándoa por iniciativa de Amalia como *Malassezia pereirii*, en honra a meu pai. Pero había que profundar no estudo para o que secuenciamos as rexións ITS e o dominio D1/D2 dun total de 28 cepas das sete especies de *Malassezia* recoñecidas naquel momento, comparándoas con corenta secuencias publicadas no GeneBank. Estudo que finalmente publicamos nun capítulo de libro que nos pediron Kerstin Voigt e Yussuf Gherbawy, e nel nós mesmos demostramos que non era unha especie independente, senón unha variedade fenotípica. A ciencia é así, pero o que non nos quitará ningún xamais son os bos momentos que pasamos contándolle ao meu pai todo o proceso paso a paso, e o moito que xuntos rimos ao final.

Quizais o noso errado intento de homenaxe tampouco era necesario, pois ao longo da súa traxectoria recibiu diversos recoñecementos, como os de membro honorario da Sociedade Francesa de Dermatoloxía e Sifiliografía, da Venezolana de Dermatoloxía e Leproloxía e da Británica de Micopatoloxía. Foi académico das Reais Academias Galegas das Ciencias e desta mesma academia e concedéuselle o Premio Xunta de Galicia de Investigación en 1993.

Pero, do mesmo xeito que a miña irmá Mercedes, ademais de discípulos e colegas, xuntamente con Elisa e M.^a Luisa, somos os catro os seus fillos, e eu quero sinalar que este longo camiño non o fixo só, moitos dos presentes coñecestes a miña nai e verédela xunto a el en todo tipo de actos científicos

e sociais, pero o seu apoio non se limitou ao papel de acompañante pois, como poden testemuñar micólogos e dermatólogos de toda España, como Mabi Torreira de Valladolid, os dous Vicentes Delgado Florencio de Granada e Crespo Erchiga de Málaga, Sánchez de Paz de Madrid, ou Rezuera e M.^o Carmen Rubio Calvo de Zaragoza, a miña nai, que era licenciada en Física e Química, foi a que levou durante moitos anos o laboratorio, e foi ela a que pasou horas ensinándolles a facer preparacións e a identificar dermatofitos a todos os que viñeron a Santiago a aprender micoloxía. Os meus pais crían nas mesmas cousas e amaban aquela forma de facer ciencia con xenerosidade e cabalerosidade, mantendo ata o final unha feliz complicidade da que as miñas irmás e mais eu fomos testemuñas de excepción.

Dixen.

DISCURSO DO DOUTOR FRANCISCO MARTELO VILLAR, PRESIDENTE DA REAL ACADEMIA DE MEDICINA DE GALICIA

Ilustrísimos señores académicos numerarios, señores académicos correspondentes, querida familia do doutor Manuel Pereiro Miguens, a quen hoxe lle rendemos homenaxe nesta institución.

En primeiro lugar, moitas grazas aos profesores Jorge Barreiro e ao doutor Manuel Pereiro polos seus magníficos discursos. Ao doutor Jorge Barreiro por saber aproximar, de maneira tan próxima, a todos nós a imaxe do homenaxeado como profesional, pero sobre todo como persoa entrañable, e a Manuel polo seu relato dos méritos profesionais e por poder superar a emoción do momento como fillo e como discípulo do seu pai.

Só farei uns poucos apuntamentos sobre a vida profesional do doutor Pereiro, xa que o importante que se tiña que dicir xa se dixo. Serán flocos de datos e afectos.

Finalizada a súa carreira, foi a Madrid para especializarse en dermatoloxía da man do doutor Enrique Álvarez Sáinz de Aja, no centro dermatolóxico máis importante no eido nacional, o Hospital San Juan de Dios. Momentos difíciles. Don Enrique, moi traballador, foi realmente o primeiro introdutor da cirurxía dermatolóxica en España, pero desde un profundo coñecemento da clínica cutánea. Ademais, naqueles tempos difíciles de posguerra, decidiuse polo bando franquista, o que lle axudou a converterse nun referente da dermatoloxía do momento.

Recoñecín de maneira vivencial o escenario e os seus actores, perdoen a autorreferencia, porque realicei o meu período de formación de médico residente nese servizo, convertido á cirurxía, da man do fillo do doutor Álvarez Sáinz de Aja, doutor Luis Álvarez Lowell, primeiro xefe de servizo de Cirurxía Plástica do actual Hospital Gregorio Marañón, a quen recoñezo como o meu primeiro mentor.

Naquel momento, tentando seguir o sistema formativo americano, os médicos residentes tiñamos a obrigación de acudir a un laboratorio de investigación. Destináronme ao de Micología, no Consello Nacional de Investigacións Científicas, dirixido polo doutor Julián Peña Yáñez, que tiña nun pedestal o doutor Manuel Pereiro Miguens. Yáñez explicaba os microconidios, dispostos ao longo dos lados das hifas, que describira o doutor Pereiro na descrición dun novo fungo en 1968, o *Trichophyton fluviomuniense*.

Unha grande achega científica que presentou na reunión científica da Sociedade Francesa de Micología Médica en Estrasburgo, publicada na revista *Sabouraudita*, cunha descrición en latín que lle escribiu o seu amigo o profesor Moralejo.

En 1974, don Manuel organizou o II Curso Monográfico de Micología, en colaboración co profesor Robledo de Dermatología e o profesor Ramón Varela Núñez de Anatomía Patolóxica, que lle prestaron o seu laboratorio e os seus microscopios. Alí estivo como profesor Negroni, o seu mestre arxentino. Foi a súa consolidación como grande experto da micología dermatolóxica en España. Na organización de actos científicos e nas súas conferencias, sempre recoñecía o apoio da súa esposa Mercedes.

A esta real academia chegou en 1989. Todos vostedes darían no albo co título do seu extraordinario discurso de ingreso: “A miña experiencia sobre as micoses e os seus axentes causais en Galicia”. Practicamente o mesmo da súa tese de doutoramento lida en Madrid, pero coa información cultivada tras unha viaxe alucinante de 41 anos polo mundo da ciencia ficción da micología. Copio o sentimento do excelentísimo señor Francisco Reyes Oliveros, o académico que realizou a disección do tema nunha *laudatio* chea de rigor e afecto.

Don Manuel citou na súa alocución en primeiro lugar o seu pai, polo seu exemplo e bo facer, e fíxoo responsable da súa determinación pola micología, que desenvolveu en Bos Aires da man do profesor Pablo Negroni, discípulo en París de *Sabouraud*, o pai científico de todos os micólogos.

Lembra a continuación os catedráticos de Anatomía, don Ángel Jorge Echeverri e don Gumersindo Fontán, cos que fixo as súas dúas primeiras publicacións como alumno interno, e Benito Regueiro de Microbioloxía e Ramón Varela Núñez de Anatomía Patolóxica, afíns polas súas técnicas e medios ao laboratorio de Micoloxía.

Terminou dicindo: “Quero tamén lembrar dunha maneira especial neste momento a miña muller e os meus fillos, que coa súa entrega e axuda material en todos os meus traballos de investigación foron sempre o soporte do meu labor”.

Anos máis tarde, esta institución, recoñecendo os seus enormes méritos como profesional da medicina, acorda nunha sesión plenaria realizada o 1 de marzo de 1999 propoñerlle á Fundación Príncipe de Asturias a súa candidatura como Premio de Asturias á Investigación Científica e Técnica. Contamos co apoio da Real Academia de Medicina de Galicia de Dermatoloxía e Venereoloxía de España e da Universidade de Santiago de Compostela. Foi unha decisión unánime. Era recoñecer a súa traxectoria como médico, como científico e como persoa.

Aquí formou parte da Xunta de Goberno, onde desempeñou o cargo de tesoureiro ao que renuncia en 1996. O da presión económica non era o seu. O que si era o seu, a pesar das súas capacidades como investigador científico e docente, na universidade e fóra dela, era a actividade asistencial aos seus pacientes dermatolóxicos de maneira solícita e cariñosa e coa maior eficiencia. A eles destinou moito do seu tempo durante toda a súa vida.

As forzas para vivir faltáronlle ao doutor Pereiro moi tarde, cando xa era ancián. Ata ese momento foi un gran traballador da medicina, unha gran persoa, cun comportamento aristocrático que el non recoñecía, pero ante todo foi un iniciador, un pioneiro nas áreas do seu coñecemento. Un profesional excelso da dermatoloxía.

Aquí, na Real Academia de Medicina de Galicia, queremos dicirlles á súa familia e aos seus amigos e compañeiros que terá sempre o noso recoñecemento e permanente recordo.

Dixen.



- Na mesa presidencial, de esquerda a dereita: os doutores Álvaro Ruibal Morell, Francisco Martelo Villar e Alberto Juffé Stein, vicepresidente, presidente e secretario xeral da RAMG. No atril: o doutor Francisco Javier Jorge Barreiro, académico numerario titular da cadeira de Anatomía Humana.



- Na mesa presidencial, de esquerda a dereita: os doutores Álvaro Ruibal Morell, Francisco Martelo Villar e Alberto Juffé Stein, vicepresidente, presidente e secretario xeral RAMG. No atril: o doutor Manuel Pereiro Ferreiros, académico numerario titular da cadeira de Dermatoloxía.

La Real Academia de Medicina de Galicia rinde homenaje a Manuel Pereiro Miguens, pionero de la micología médica

REDACCIÓN / LA VOZ

La Real Academia de Medicina de Galicia celebró una sesión científica en memoria del doctor Manuel Pereiro Miguens, un pionero en la micología médica y que fue académico numerario del sillón de Dermatología y Micología médica.

El encargado de abrir la sesión fue el doctor Francisco J. Jorge Barreira, con una ponencia bajo el título «Un viaje en el tiempo del científico y dermatólogo Manuel Pereiro Miguens». Continuó la jornada con una charla del hijo del homenajeado, el tam-

bién doctor Manuel Pereiro Ferreiros, que se centró en la trayectoria científica en el campo de la micología médica.

Pereiro Miguens fue un referente de la dermatología. Una vez finalizados sus estudios de Medicina en Galicia, continuó con su formación en Madrid, donde presentó su tesis doctoral sobre la tina en la comunidad en 1948. Siguió formándose en Buenos Aires, y, una vez de vuelta en Galicia, puso en marcha su consulta en Santiago de Compostela y repartió su tiempo entre la labor asistencial y la investigación.

Entre sus trabajos científicos destaca la descripción de una nueva especie de dermatofito, *Trichophyton fluviumiense*, así como sus estudios sobre la forma perfecta de especies de dermatofitos. Destacó por la publicación de casos de micosis profundas como la aspergilosis pulmonar, la esporotricosis y la paracoccidioidomicosis, micosis de importación y sensibilidad a antifúngicos en una época en la que estas patologías eran desconocidas en España.

Fundador de la Asociación Española de Micología, miembro de



Jorge Barreira se encargó de leer al homenajeado. MIGUEL MIRAMONTES

la Academia Española de Dermatología y Sifiliografía desde 1947, estuvo presente en numerosas sociedades científicas en el extranjero, como la Société Française de Mycologie Médicale, y

fue miembro honorario de la British Society of Mycopathology. Por su larga trayectoria científica, el doctor Pereiro fue distinguido con el Premio Xunta de Galicia de Investigación en 1993.

► La Voz de Galicia 11 de febreiro de 2023.

■ MAIO

18 (xoves), 19:00 h.

SESIÓN CIENTÍFICA IN MEMORIAM DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR ACADÉMICO NUMERARIO, DOUTOR JOSÉ ANTONIO PAJARRÓN ULLOA.

Intervēnen os académicos:

- Doutor Jorge Teijeiro Vidal, académico numerario de Radioloxía.
- Doutor José A. Pajarrón. figura notable da pneumoloxía clásica (1924-2022).**
- Doutor Francisco Martelo Villar, presidente.
- Doutor José Antonio Pajarrón, académico.**

DISCURSO DO DOUTOR JORGE TEIJEIRO VIDAL, ACADÉMICO NUMERARIO TITULAR DA CADEIRA DE RADIOLOXÍA

Agradézolle á Xunta de Goberno da Real Academia de Medicina de Galicia que me designara para impartir esta sesión en honra do falecido académico numerario, o Ilustrísimo Señor Doutor José Antonio Pajarrón Ulloa. É para min unha honra. Moitas grazas.

Coñecín o doutor Pajarrón hai máis de 30 anos, con motivo da miña primeira intervención na Real Academia de Medicina de Galicia sobre os novos méto-

dos na valoración da masa ósea na osteoporose. Mostrouse moi interesado na presentación destes métodos novos. O mesmo que cando ingresei como académico numerario en 1996, cando me falou sobre distintos aspectos da evolución da radioloxía nos seus primeiros 100 anos. Gardo excelentes recordos dos seus comentarios e atencións.

Falamos de pneumoloxía clásica, pois foron moitos anos de exercicio profesional do doutor José Antonio Pajarrón e a pneumoloxía cambiou moito. A partir de 1955, recoñécese o “ensino, título e exercicio das especialidades médicas” e aparecen as do aparello respiratorio e da cirurxía pulmonar. En 1978, xorden as novas denominacións de pneumoloxía e cirurxía torácica, que se confirman nun novo real decreto de 1984. O gran problema sociosanitario daqueles anos era a tuberculose e vemos en 1950 o noso académico competindo por unha praza de médico tisiólogo de dispensario comarcal do Padroado Nacional Antituberculoso. Isto é hai 73 anos.

Imos revisar os aspectos máis notables da súa biografía e actividade profesional. Nace na Coruña o 15 de novembro de 1924, fillo dun coñecido otorrinolaringólogo. Cursou os estudos de Medicina en Santiago e termínaos en Salamanca en 1947.

Imos ver algunhas circunstancias destes estudos de licenciado. O 28 de maio de 2010, tiveron a honra de presentar nesta real academia o libro de memorias do doutor Arturo Rodríguez Hervada, neto do que foi académico numerario e secretario perpetuo, Ilustrísimo Señor Enrique Hervada García-Sampedro. O libro titúlase *A educación dun neno da guerra civil 1936-1956*. Entre os oradores, participou o Ilustrísimo Señor Manuel Sánchez Salorio, académico numerario. E contén datos sobre estes futuros grandes médicos galegos. José Antonio Pajarrón compartiu cuarto con Arturo Rodríguez Hervada no Hotel Compostela. Compartiron o cuarto 319. E despois trasladáronse a Salamanca para finalizar a carreira. Outros estudantes tamén se foron a Salamanca como Jaime Vidal Macho (anestesista da Paz) e Aquilino Lousa (traumatólogo na Coruña). Arturo definíase como o sétimo dos dezaioito médicos Hervada da Coruña. Preparou unha sesión nesta real academia sobre “A dinastía médica dos Hervada”, que ía moderar o doutor Pajarrón e que non puido realizarse. O doutor Arturo R. Hervada desde 1956 traballou como pediatra en Filadelfia, e chegou a ser *full professor* da Universidade Jefferson daquela cidade. Faleceu en 2014 e maniféstase na súa autobiografía como un grande amigo do doutor Pajarrón.

Xa licenciado, o doutor Pajarrón consegue en 1948 praza para realizar a especialización como médico interno do Servizo de Aparello Respiratorio e Cirurxía Torácica do Instituto Médico Casa de Saúde de Valdecilla, de Santander. Sen dúbida, un dos mellores centros de España para realizar esta formación.

Tese de doutoramento

Ata 1954, as teses de doutoramento debían realizarse na Universidade Central de Madrid e, a partir deste momento, régúlase o procedemento para lles conferir o grao de doutor a todas as universidades.

Por iso don José A. Pajarrón puido realizar a súa tese de doutoramento na Universidade de Santiago en 1959, tese dirixida polo catedrático de Farmacoloxía, o doutor Ramón Villarino Ulloa.

A tese titúlase *O iodo radioactivo na exploración da glándula tiroide: estudo comparativo e crítico dos métodos de exploración funcional tiroide*. A tese foi moi avanzada naquela época, xa que a instalación da unidade de isótopos da Universidade de Santiago é de 1957 e os primeiros traballos de 1958. No texto agrádecelle ao profesor Ramón Villarino, como director da tese, e sobre todo ao doutor Ángel Belmonte, futuro académico numerario desta corporación, “a súa importante axuda, mantida ao longo destes meses, e a súa colaboración imprescindible en todas as as experiencias”.

Analiza as aplicacións do iodo radioactivo e as limitacións da técnica do metabolismo basal para o estudo da función tiroide. O máis notable da tese é que recolle a técnica e os resultados obtidos na exploración funcional e topográfica da glándula tiroide de 381 enfermos, aos que sistematicamente tamén se lles determinou o metabolismo basal, a iodemia e a colesterolemia. Realiza unha descrición dos equipos empregados con imaxes de gran calidade e moi demostrativas.

A tese de doutoramento, 63 anos despois da súa lectura, segue tendo unha gran significación, por ser a primeira tese de doutoramento en Galicia que utiliza os radioisótopos para o diagnóstico e pola excelente relación coa clínica e o laboratorio.

Exercicio e cargos profesionais

Foron evolucionando, como o facía a atención sanitaria en España.

Cirurxián de pulmón na Obra Sindical 18 de Xullo (1954-65).

Médico consultor de pulmón e corazón na Seguridade Social (1965).

Posteriormente, consulta no Ambulatorio San José e, nos últimos anos, no Centro de Especialidades Médicas do Ventorrillo.

Cirurxián no Hospital Santa Teresa, na súa inauguración en 1970. Foi o seu conselleiro delegado outro académico desta corporación, o Ilustrísimo Señor Elías Tovar Martín.

Institucións científicas

Especializado no tratamento da tuberculose, foi recoñecido membro de numerosas institucións científicas, como o American College of Chest Physicians (1954) e a Asociación de Especialistas de Tórax. Foi membro numerario da Asociación de Especialistas de Tórax de Galicia e membro de número da Sociedade Española de Patoloxía do Aparello Respiratorio (SEPAR) e da Academia Internacional de Medicina e Cirurxía Torácica, na rama europea.

Colexiado Honorífico do Colexio Oficial de Médicos da Coruña en 2003.

Diplomado da Escola Nacional de Enfermidades do Tórax (Padroado Nacional Antituberculoso e de Enfermidades do Tórax. Madrid, 1964).

Título de Especialista do Aparello Respiratorio-Aparello Circulatorio-Cirurxía Pulmonar, do Ministerio de Educación Nacional.

Ingreso na Real Academia de Medicina de Galicia

O ingreso tivo lugar o 16 de novembro de 1974, xusto ao día seguinte de cumprir os 50 anos, co discurso “A enfermidade do executivo”.

Pronunciou o regulamentario discurso de apertura de curso na Real Academia de Medicina de Galicia do ano 1990, co título “Arteriosclerose. Dúas consecuencias con actualidade cardiolóxica: espasmo coronario e isquemia miocárdica silente”.

O 18 de decembro de 1997, celebrouse a sesión *in memoriam* do académico numerario, o Ilustrísimo Señor Álvaro Urgoiti Somovila, nacido en 1907, que ingresou nesta real academia en 1951. Pasa a honorario en 1960, ao ser nomeado xefe do Servizo Nacional de Fotorradiografía. Refiro algúns aspectos desta sesión.

O doutor José A. Pajarrón resalta a importancia da fotoseriación nas campañas de diagnóstico precoz da tuberculose nos anos 1950 e 1960 e da notable aplicación que tivo en Galicia. Como académico de Radioloxía,

quero comentar os equipos empregados: tiñan que mostrar nunha mesma imaxe a radiografía posteroanterior do tórax e, superposta, unha fotografía do paciente, para evitar confusións.

Liñas de investigación e principais publicacións

Entre os artigos producidos, citaremos: “Contribución ao estudo clínico e terapéutico do acceso pulmonar pútrido”, “Micose pulmonar”, “Particularidades diagnósticas e terapéuticas das hemorraxias torácicas” e “Decorticación pulmonar por empiema seguido de fístula broncocutánea, tratada con enxerto muscular e toracoplastia”.

Congresos e outras reunións científicas

Participou con comunicacións en diversos congresos nacionais e estranxeiros.

Conferencias

Á parte das pronunciadas nas sesións ordinarias da Real Academia de Medicina de Galicia, foi profesor no XI Curso de Formación Continuada para Médicos, dedicado monográficamente a “Hemorraxias” e organizado conxuntamente pola Real Academia de Medicina e o Departamento de Cirurxía do Hospital Juan Canalejo (A Coruña, 1985).

Médico de empresa

O doutor Pajarrón foi médico de empresa, título que conseguiu no Instituto Nacional de Medicina e Seguridade no Traballo. Exerceu a súa actividade con gran satisfacción de todos en Elaborados Metálicos, Emesa e La Artística.

Tamén desexo destacar que do 24 ao 27 de outubro de 2002 tivo lugar en Lisboa unha sesión conxunta desta real academia coa Academia das Ciencias de Lisboa, e que o doutor Pajarrón, como académico máis antigo, foi recibido polo presidente de Portugal, Jorge Sampaio.

Foi un gran deportista

Está documentado que foi campión galego absoluto de tenis nos anos 1943 e 1945, disputados no Club de Campo de Vigo, cuxo primeiro campionato se realizou en 1940. Por outra banda, en primeiro de carreira estivo a piques de fichar polo Real Club Deportivo de Fútbol. Posteriormente, foi un gran xogador de golf, afección que transmitiu aos seus familiares. Entre os seus compañeiros de equipo de fútbol, estaba o futuro médico José Sánchez y

Sánchez, que sería numerario de Uroloxía desta real academia de 1971 a 1999.

Mantivo unha consulta privada moitos anos na rúa Wenceslao Fernández Flórez da Coruña e, posteriormente, na rúa Durán Loriga. Era moi querido polos seus pacientes, e comentaba que tiña dificultade para pasear polos Cantóns, pois estes acudían a saudalo.

Ao longo da súa dilatada existencia de 97 anos, puido cultivar froitos satisfactorios social, familiar e profesionalmente.

Amizades

Polo seu bo carácter e afabilidade, tivo moitos e grandes amigos. Desexo citar unicamente algúns, como Domingo García Sabell (contestou o seu discurso de ingreso o 16 de novembro de 1974), Gerardo Fernández Albor e Santiago Rey Fernández Latorre, entre as súas moitas amizades.

Nalgunha ocasión, foi operar a Madrid con Cristóbal Martínez Bordiú.

Foi compañeiro de faladoiro na cafetería Manhattan, na próxima praza de Pontevedra, co tamén médico Eduardo Toba Muíño, nacido en 1923, que iniciou os seus estudos en Santiago, para trasladarse a Madrid en 1945, e con José Mato Andrade, pediatra, entre outros. Foi moi coñecido como adestrador de fútbol e seleccionador nacional. É o viúvo de Luisa López Sors Somoza e tivo cinco fillos: Luisa, José, Pedro, Mayra e Elena. Os seus fillos políticos son Isabel Puga, Isabel Acebal, Antonio Barbeito e Federico G. Poncet. Algúns presentes e a quen lles agradezo a súa asistencia.

DISCURSO DO DOUTOR MARTELO VILLAR, PRESIDENTE DA REAL ACADEMIA DE MEDICINA DE GALICIA

Ilustrísimos señores académicos numerarios, ilustrísimos señores académicos correspondentes, queridos compañeiros, querida familia do ilustrísimo señor José Antonio Pajarrón Ulloa, académico numerario que foi desta institución.

En primeiro lugar, agradecer a efectiva e brillante intervención de don Jorge Teijeiro que fixo un percorrido pola vida profesional como médico especialista en enfermidade do corazón e do pulmón da época nesta a súa querida cidade da Coruña. Tocoulle vivir momentos duros da historia de España,

os tempos da posguerra. Home intelixente e un atleta consumado, gran futbolista, puido fichar polo Deportivo da Coruña, circunstancia que o seu pai non lle permitiu tentando levalo polo camiño do coñecemento universitario, pero non puido impedir que se convertese nun tenista de elite e, de feito, alzouse co título de campión galego nos anos 1942, 1945. Aí púxenlles unha fotografía de *La Voz de Galicia* do ano 1995 xunto á viguesa campioa feminina. Naqueles tempos non había adestradores. Nos seus inicios no mundo do tenis definíase como un autodidacta.

Estudou Medicina en Santiago. Para exercer a medicina non elixiu en cambio ser un autodidacta, senón que para a súa formación acudiu ao Centro de Saúde de Valdecilla Santander, onde se fixo especialista de pulmón e corazón. Era un dos mellores hospitais de Europa para a formación nesa disciplina naquel momento. O seu mestre alí foi o doutor Diego García Alonso, cirurxián torácico, especialista nas técnicas de cirurxía pulmonar, gran profesional e moi dedicado, que morreu cando realizaba unha intervención á idade de 63 anos. Decía Pajarrón que del aprendera as técnicas da cirurxía pulmonar, pero sobre todo, o máis importante, a forma de vivir o padecemento dos enfermos. Tratábase de adquirir as técnicas cirúrxicas capaces de rescatar os pacientes novos que se ían no terremoto dunha hemoptise ou na caquexia da tise.

Coa aparición da estreptomycin chegou a esperanza, o ansiado cambio e, como especialista aquí na Coruña, dedicouse tamén aos pacientes cardíacos. Era un dos famosos especialistas de pulmón e corazón, tal como se denominaba naquel momento. Houbo que enfrontarse á patoloxía do cancro de pulmón. Unha desigual batalla cunha tumoración asasina sen tratamento oncolóxico e cunha cirurxía pouco eficaz e de altísimo risco naqueles tempos.

Fíxose cunha gran popularidade na Coruña, ata tal punto que os paseos os días festivos pola avenida dos Cantóns eran unha interrupción permanente de pacientes e de coñecidos tentando resolver os seus males. A súa esposa Luisa desaconselloulle ese paseo ao mediodía, aínda que perdesen relación con algunhas amizades e a información das redes sociais do momento: a rúa Real, os Cantóns María Pita e a Mariña.

Na Real Academia de Medicina de Galicia, ingresou o 16 de novembro de 1974, cun discurso titulado “A enfermidade do executivo”. Co dito ata o de agora polo profesor Teijeiro e por min, sorprendeulles o tema elixido, pero debeuse ás súas raíces de médico internista preocupado polos pacientes de

maneira íntegra e á súa amizade con García Sabell e ao seu coñecemento dos doutores Novoa Santos e Rof Carballo na procura das lesións da alma.

A súa exposición centrouse no estudo da enfermidade por esgotamento e desgaste. Presidiu o acto o doutor Pérez Hervada, presidente da real academia, xunto ao doutor Jorge Echeverri, reitor honorario da universidade compostelá; o doutor Suárez Núñez, secretario da Facultade de Medicina e presidente da Real Academia Médico-Cirúrxica de Santiago; o doutor Iscar, presidente da Real Academia Médico-Cirúrxica de Lugo; o doutor Campo Mardomingo, presidente do Colexio Oficial de Médicos da provincia da Coruña, e o secretario perpetuo desta casa, o doutor García-Baquero Méndez, todos eles académicos numerarios.

No seu discurso, expresou o seu agradecemento aos membros da corporación e continuou co seu afectuoso recordo aos seus mestres da Universidade e da Casa de Saúde de Valdecilla para enxalzar, acto seguido, a personalidade de tres académicos numerarios, que xa desapareceran: os lectores García Baquero y Sáinz de Vicuña, Hervada García Sampedro e Aurelio Gutiérrez Moyano. Os dous primeiros desempeñaran o cargo de presidente e o último o de secretario perpetuo desta real academia.

Pasou a continuación a desenvolver o seu discurso xustificando o tema da súa elección. Trátase dunha enfermidade produto dunha época e dunha situación sociolóxica determinada que atravesamos desde hai uns anos e que incide sobre un grupo humano, o dos executivos. Esta enfermidade provoca neles perturbacións moi graves no aparello cardiovascular que van orixinar, no seu criterio, un gran número de mortes prematuras.

Busca explicación no desenvolvemento da ética protestante desenvolvida por Max Weber e na conduta dos dirixentes da sociedade occidental que, segundo Fromm, se caracteriza por unha tendencia compulsiva ao traballo e pola paixón polo aforro, o que fai da vida propia unha procura permanente do poder, utilizando como instrumento o sentido compulsivo do deber desde un persoal ascetismo.

Describiu máis que unha enfermidade, unha situación dos profesionais da xestión, provocada polo ritmo precipitado e o medo que orixinan situacións de tensión, con cambios nos sistemas neurovegetativos que dan lugar a individuos inestables con enfermidades das arterias que os conduce ao infarto de miocardio de maneira prematura.

Expuxo a evidencia, que considera fundamental, de como os fenómenos psíquicos dan lugar a alteracións orgánicas, aínda que non coñecemos o mecanismo íntimo da súa produción e aquí, sinalou, radica o importante interrogante que sen dúbida aclarará a medicina do futuro.

Cita a continuación as medidas preventivas que, de momento, se centran na prevención a través da hixiene do traballo e na actividade centrada no sistema músculo esquelético que, xa que se demostrou de maneira científica, representa un poderoso medio para a conservación da capacidade funcional dos vasos coronarios.

Continuou dicindo que a enfermidade do executivo é, en boa parte, un problema de disciplina individual e que o médico debe estar na tarefa de exercer a dirección psíquica do seu enfermo, para terminar afirmando que estamos ante unha expresión individual da épica actual presidida pola superioridade dos valores materiais e pola perda das relacións interhumanas. É un estado de alerta para a sociedade e para o testado, xa que deben prevalecer os dereitos fundamentais de cada home na súa maneira de gañar a vida, independentemente da súa raza, relixión, condición económica e social.

Contestoulle en nome da institución académica o seu amigo o numerario médico internista don Domingo García Sabell que comezou describindo o excelente *curriculum vitae* do recipiendario para pasar a facer unha análise doctrinal dos puntos básicos do discurso do doutor resumíndoo en tres puntos:

1. A enfermidade do executivo está determinada por unha determinada época histórica, é unha enfermidade da civilización.
2. A posibilidade de que non se trate dunha entidade morbosa, nin sequera dunha síndrome, senón dun proceso encuadrable dentro da patoloxía das situacións.
3. E o problema adicional que se formula, que é a necesidade de indagar sobre os mecanismos que conducen a que cambios psicolóxicos poden dar lugar a alteracións somáticas orgánicas, ostensiblemente materiais.

Acabou felicitando vivamente o recipiendario como o fixo para levantar a sesión o doutor Pérez Hervada, presidente, e concluíu dicindo que a incorporación do doutor Pajarrón Ulloa contribuiría a que a vida académica fose cada día máis auténtica e máis actual.

Don José Antonio tamén pronunciou o discurso inaugural académico do ano 1990 que lle correspondeu pola quenda regulamentaria da lista de académicos numerarios. O título da súa disertación foi: “Arteriosclerose. Dúas consecuencias con actualidade cardiolóxica: espasmo coronario e isquemia miocárdica silente”. Falou como especialista cardiopulmonar. Considera que o 40-50 % da mortalidade rexistrada nos últimos 25 anos, anteriores ao 1990, tivo como causa a arteriosclerose. Sinala que, ademais da importancia da mortalidade, é transcendente tamén o custo que representa para o Estado, xa que só en 1985 os gastos de farmacia, estancia hospitalaria e absentismo laboral orixinado polas enfermidades secundarias en arteriosclerose supuxeron un custo de ao redor de 400.000 millóns de pesetas do momento.

Fixo un percorrido pola etiopatoxenia da aterosclerose, distinguindo unha primeira fase da patoloxía con alteracións arteriais sen sintomatoloxía clínica e outra con isquemia miocárdica, infarto de miocardio e crises vasculares cerebrais ou vasculopatía dos membros e dos aneurismas.

Explicou un tema debatido neses anos, que foi a importancia do colesterol na enfermidade vascular. Falou da lesión do endotelio vascular que permite a fixación das plaquetas e dos monocitos macrófagos circulantes e na invasión da parede por lípidos, tecido fibroso e calcio que poden acabar producindo o peche da luz arterial e a chegada da clínica morbosa. Explicou que é o resultado dunha enfermidade crónica e progresiva que se desenvolve durante anos. Sinalou nese momento unha curiosidade. Trátase da conexión entre a anxina de peito e a calcificación coronaria descrita por Jenner, o mesmo científico que descubriu a vacina da varíola de tanta transcendencia histórica na Coruña.

Pasou a debater as alteracións electrocardiográficas sen clínica e insistiu en que a dor non é a clave, senón os episodios de isquemia, porque exercen a influencia e representan o perigo. Por cada evento doloroso, sinalou, hai catro non dolorosos. Terminou profetizando o que en realidade pasou despois de tantos anos, que sería o mundo novo capaz de rescatar os pacientes mediante as anxioplastias ou o *by-pass* coronario, como indubidablemente así foi.

Non vou eu, porque a el non lle gustaría, aburrilos cos seus méritos e dedicación puntual nas sesións académicas. Basta con dicirlles que era un home educado e intelixente, coñecedor do mundo do momento, afastado de oropeis, pendente das súas obrigacións —fundamentalmente cos seus

enfermos—, coidador da súa prole e namorado da súa muller Luisa, á que quixen como médico e enfermeiro, con amor e gran dedicación.

Perdóame a autorreferencia, pero fíxose amigo meu como compañeiro na academia e como paciente, porque tiña unha pel formadora de tumores, polo que non debía tomar o sol, pero a súa mellor localización para o diálogo era o céspede que rodeaba a piscina ou a mesa do seu faladoiro, á que asistían os seus amigos: o lembrado académico Manuel Sánchez Salorio e Santiago Rey Fernández Latorre, presidente de *La Voz de Galicia*. Nela un día escoiteille regodearse do que lle ocorría, tras anos da xubilación, ao pasear polo polo Cantón Grande. Convertínme nunha persoa invisible que ninguén reconece. Tomábao con gran sentido do humor. Era o repouso do guerreiro tras a loita sen límites do partido de golf.

A academia foi o seu outro lugar de gozo de loita. As súas intervencións sempre terminaban enxalzando a quen realizara o traballo. Era o conciliador por antonomasia. Todo ía ben na academia, aínda que fose mellorable. Dedicación e lealdade.

Cando se deu conta de que non podía manter o ritmo académico, pediu o paso á situación de menor compromiso, a de académico emérito. Ensinounos o camiño aos demais, coma sempre sen espaventos e con afecto. O reencontro coa súa esposa Luisa, á que quería por encima de todo, alegrouno excesivamente.

Aquí lembrarémolo sempre.

Dixen.



► Na mesa presidencial, de esquerda a dereita: os doutores Alberto Juffé Stein e Francisco Martelo Villar, presidente e secretario xeral da RAMG. No atril: o doutor Jorge Teijeiro Vidal, académico numerario titular da cadeira de Radioloxía.



► Na mesa presidencial, de esquerda a dereita: o doutor Alberto Juffé Stein, secretario xeral da RAMG, e o doutor Jorge Teijeiro Vidal, académico numerario titular da cadeira de Radioloxía. No atril: o doutor Francisco Martelo Villar, presidente da RAMG.



- Na mesa presidencial, de esquerda a dereita: os doutores Alberto Juffé Stein e Francisco Martelo Villar, secretario xeral e presidente da RAMG, e Jorge Teijeiro Vidal, académico numerario titular da cadeira de Radioloxía da RAMG. No atril: don Pedro Pajarrón López-Sors.

■ DECEMBRO

15 (venres) 19:00 h, sede académica.

SESIÓN CIENTÍFICA IN MEMORIAM DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR ACADÉMICO NUMERARIO, DOUTOR MANUEL SÁNCHEZ SALORIO.

Interveñen:

- Doutor Francisco Martelo Villar, presidente da RAMG. Apertura da sesión.
- Doutor Julián García Sánchez, académico numerario de Oftalmoloxía da Real Academia Nacional de Medicina. **A nova escola de oftalmoloxía galega.**
- Doutor Joaquín Potel Lesquereux, académico numerario de Cirurxía Xeral e Dixestiva. **In memoriam: o mestre Sánchez Salorio, a medicina desde o talento.**
- Doutor Juan Durán de la Colina, oftalmólogo. Recordo ao seu tío, o doutor Sánchez Salorio.
- Doutor Francisco Martelo Villar, presidente da RAMG.

Peché da sesión.

DISCURSO DO DOUTOR FRANCISCO MARTELO VILLAR, PRESIDENTE DA RAMG

Ilustrísimo Señor vicepresidente e secretario xeral, ilustrísimas señoras e señores académicos, exministro do Goberno de España, querida familia do profesor Sánchez Salorio, compañeiros, señoras e señores.

Lembramos hoxe un académico numerario desaparecido, o profesor Manuel Sánchez Salorio, da Real Academia de Medicina de Galicia, un compañeiro, un médico da Coruña e de Compostela, nunha dicotomía permanente, un amigo que amou as dúas cidades e que se fixo presente de maneira extraordinaria nas dúas Institucións.

Desaparecido en marzo deste ano, a academia lémbrao hoxe aquí a través de dous importantes amigos seus: o profesor Julián García Sánchez, catedrático emérito da Universidade Complutense de Madrid da materia de Oftalmoloxía e primeiro catedrático dos sete que o doutor Salorio promoveu na súa cátedra de Santiago de Compostela, e o profesor Joaquín Potel Lesquereux, tamén catedrático emérito da Universidade de Santiago de Compostela e académico numerario da especialidade de Cirurxía Xeral e Aparello Dixestivo nesta Real Academia de Medicina Galicia, e tamén íntimo amigo colaborador dos labores universitarios e interlocutor todas as semanas en Santiago de Compostela do devir dos acontecementos destes tempos convulsos, mesturados con etapas de tranquilidade pasados durante os últimos decenios. Historia e presente na nosa Galicia.

Falará, en primeiro lugar, o profesor García Sánchez de Ferrol, estudante en Compostela, catedrático en Cádiz e posteriormente na Complutense. Traballador nato ao longo da súa traxectoria, foi primeiro asinante de comunicacións a congresos en 407 ocasións e pronunciou máis de 700 conferencias. Ademais, figura como investigador principal en 63 proxectos de investigación financiados. Por outra banda, foi presidente fundador da Sociedade Española de Glaucoma de 2006 a 2010, e é presidente da Fundación da Sociedade Española de Oftalmoloxía desde 2016.

Non lles caiba dúbida de que é o indicado para rescatar a intensa e importantísima tarefa realizada en Santiago Compostela desde o punto de vista profesional, na cátedra universitaria, no Instituto Galego de Oftalmoloxía e no seu percorrido polos fermosos lugares do mundo, cun coñecemento e unha avidez polo percorrido científico, polo novo coñecemento e polo

ensino da oftalmoloxía; é moito, pero é capaz de resolvelo co afecto e co coñecemento que ten do profesor Salorio.

A continuación, o doutor Potel Lesquereux, de Caldas de Reis, cirurxián e catedrático emérito da Universidade de Santiago, da que foi decano, e académico de número de Cirurxía Xeral e Aparello Dixestivo desta Real Academia de Medicina de Galicia. Membro das principais sociedades científicas nacionais e estranxeiras da súa especialidade. Presidente da Sociedade Galega de Patoloxía Dixestiva, da Sociedade Española de Coloproctoloxía e da Sociedade Española de Patoloxía Dixestiva e Española de Cirurxiáns. Presidente da Federación de Asociacións Científicas Españolas.

É coautor de varios libros e monografías e máis de 150 traballos. As súas principais liñas son as seguintes: infección e nutrición en cirurxía; exploración biliar peroperatoria; enfermidade inflamatoria intestinal; marcadores prognósticos en neoplasias de colon, mama e tiroide, e polipose cólica familiar. Asistiu a congresos e outras reunións científicas. Foi invitado, como relator ou moderador, en preto de 100 congresos. Realizou máis de 300 comunicacións. Foi un extraordinario profesional.

Abordará a personalidade, o impacto cultural e docente do profesor Salorio, co que compartiu durante décadas o posto de catedrático na nosa Universidade compostelá. Amigo íntimo e interlocutor, ten un coñecemento dos valores de Salorio como médico, como profesor universitario e como humanista. Non son eu o que teño que falarlles, por iso lles dou de inmediato a palabra, sen deleitarme nos innumerables e importantísimos membros que son os dous relatores deste acto.

Doutor Julián García Sánchez, académico numerario da Real Academia Nacional de Medicina, titular da cadeira de Oftalmoloxía.

A nova Escola de Oftalmoloxía Galega.

Doutor Joaquín Potel Lesquereux, académico numerario da Real Academia de Medicina de Galicia, titular da cadeira de Cirurxía Xeral e Dixestiva.

***In memoriam.* O mestre Sánchez Salorio, a medicina desde o talento.**

DISCURSO DO DOUTOR JULIÁN GARCÍA SÁNCHEZ, ACADÉMICO NUMERARIO DA CADEIRA DE OFTALMOLOXÍA DA RANME

Excelentísimo señor presidente da Real Academia de Medicina de Galicia, excelentísimo señor Romay Becarí, ilustrísimos señores académicos, señoras e señores, amigos todos.

Que se pode dicir cando ao longo destes meses quizais xa se dixo todo?.

E xustamente agora é cando me atopo na paradoxal situación de que o único sobre o que eu podería falar probablemente a case ninguén lle interesaría e, ademais, por se iso non fose suficiente, forma parte dunha intimidade da que fai quizais preto de sesenta anos ambos prometeramos non falar en público.

Esta situación deixoume totalmente desorientado, pois á perda dunha persoa que sen ser da miña familia en moitos aspectos está moito máis alá desa barreira, que as normas sociais impoñen e moitos consideran de obrigado cumprimento. A pesar diso, é moi certo que máis alá do que se dixo e por encima do que se poida ou non se poida dicir tiven a fortuna de ser durante máis de dez anos unha testemuña directa do seu labor profesional na universidade, no hospital clínico e na súa clínica privada. E, nas décadas seguintes, as nosas posicións nas institucións permitiunos manter unha estreita colaboración a través dos numerosos proxectos comúns que puxemos en marcha sen apenas ruído, ata que a chegada dos nosos sucesores fixo aconsellable manternos nun segundo plano opinando exclusivamente cando se nos preguntaba.

Está moi claro, a esta altura das miñas meditacións, que me estou referindo ao profesor Manuel Sánchez Salorio quen ao longo da súa vida trazou unha pegada tan formidable que non podemos ignorar nin esquecer.

Onde podemos atopar esta pegada? É indubidable que non se trata dunha pegada única, pois a que eu lles podo presentar quizais non ten que ver coa que outros perciban. As miñas reflexións sobre a súa persoa son probablemente diferentes ás doutras persoas que con el tiveron relación e, por suposto, non vou pretender que sexan nin máis exactas nin tan sequera máis fidedignas, simplemente o meu desexo ao expresalas é para que non caian no esquecemento por non ser expostas nesta especie de agora ou nunca que a xenerosidade da Real Academia de Medicina de Galicia me ofreceu para estar hoxe aquí ante todos vostedes.

A chegada do profesor Sánchez Salorio á Universidade de Santiago supuxo un antes e un despois para a oftalmoloxía galega. Por que penso que houbo un antes e un despois? As súas solucións e as súas achegas quizais hoxe, desde a distancia, poidan parecer nos simples, pero os que as vivimos intensamente aínda hoxe somos conscientes do contexto en que se levaron a cabo.

Entón, nos hospitais, o que se consideraba habitual era que cada mañá os xefes de servizo acostumaban visitar os pacientes ingresados, acompañados por todo o persoal nunha especie de macabro desfile da Santa Compañía, na que se discutía do “sexo dos anxos” aplicado ás doenzas de cada caso, con frecuentes reprimendas aos “pobres alumnos internos” encargados da presentación do caso. O profesor Sánchez Salorio suprimiu radicalmente ese funesto hábito. Aos pacientes explorábaselles na consulta, sentados na lámpada de fendedura para valorar “de verdade” a evolución poscirúrxica. Acertaron os que pensan que estas e outras simples decisións foron moi criticadas. Estabamos a actuar, nin máis nin menos, en contra do que estaba de moda, a imitación do Hospital da Clínica da Concepción de Madrid. E os seminarios e sesións clínicas que se puxeron en marcha pola súa iniciativa pasaron a facerse ao redor de casos reais, que permitían conectar coa realidade de cada día e na verdadeira formación do útil, en lugar de aprender unhas listas interminables de diagnósticos diferenciais sobre procesos que probablemente xamais iamos atopar ao longo da nosa vida profesional, que unicamente tiñan como obxectivo demostrar a erudición dos presentes que pelexaban para pedir a palabra e poder ser os primeiros en contar o último que leran sobre o tema.

Desde que o profesor Sánchez Salorio inicia os seus primeiros pasos como encargado da Cátedra de Oftalmoloxía, comeza a poñer en marcha as súas novas ideas sobre a organización da asistencia e, así, anímanos a tomar responsabilidade desde o principio, e pon en marcha as seccións Retina, Glaucoma, Catarata, Estrabismo, Anexos etc. Establécese o Seminario da Cátedra os terceiros xoves de cada mes, ás 8 da tarde.

Todo transcorría idilicamente ata que se convoca a oposición da Cátedra de Santiago que a todos os compoñentes do servizo nos mantivo coa incerteza ata que practicamente o día dos seus aniversarios recibimos a noticia de que, co número 1, elixe Santiago con 33 anos acabados de cumprir.

Coa ilusión das melloras en marcha, o profesor Sánchez Salorio solicita incorporar ao servizo a Escola Profesional de Oftalmoloxía, que foi a segunda aprobada en España tras a de Madrid e continúa coas melloras. Os primeiros

de España en crioextracción da catarata, os primeiros en tonometría e tonografía, e atévome a dicir que eramos os primeiros en case todo. Comeza a microcirurxía incorporando o microscopio ao quirófano. Desde o comezo da formación, tínase responsabilidade, incluída a cirurxía menor, desde o principio e moi pronto se pasaba á cirurxía de catarata cando no resto dos hospitais obtiñas o título operando unha única catarata (ou ningunha). É de destacar que durante os anos en que existiron as escolas profesionais, en Santiago a matrícula era gratuíta, mentres que nas do resto de España tiñan as taxas da universidade en vigor.

O Seminario Mensual, que tivo a súa continuidade en Cádiz, Madrid e Barcelona, e aínda se segue realizando no Hospital Clínico de San Carlos de Madrid, dándose a circunstancia de que precisamente onte se celebrou o último deste ano, serviu non só para lles axudar a todos a mellorar nas presentacións orais, ademais converteuse no xerme da Sociedade Galega de Oftalmoloxía, pois cada mes acudían numerosos oftalmólogos das catro provincias o que logrou unha convivencia que con certa lóxica foi evolucionando cara á idea dunha reunión anual itinerante que se mantivo ata a actualidade. O profesor Sánchez Salorio foi o primeiro presidente da sociedade recentemente fundada, con toda lóxica, pois a súa iniciativa do seminario supuxo ser o crisol no que esta se formou.

Co paso dos anos, cando a formación MIR se consolidou, o profesor Sánchez Salorio foi o primeiro presidente do Consello Nacional de Especialidades que, baixo o seu mandato, puxo en marcha os criterios mínimos que se requirían para ser aceptado un servizo para incorporar residentes e organizou os criterios dos pasos que o residente había de cumprir cada un dos catro anos de formación para ir tomando sucesivas responsabilidades, así como o mínimo de intervencións e gardas de presenza física para a obtención do título.

Os consellos do profesor Sánchez Salorio que quizais a moitos lle poden parecer simples e mesmo obvios eran esquematicamente os seguintes:

- 1.º Hai que destacar en algo.
- 2.º Cómpre ensaiar as comunicacións nos seminarios (para non facer o ridículo ao levalas a outros foros).
- 3.º Hai que estar en todas partes.
- 4.º Tese de doutoramento? Por suposto. (IMPRESINDIBLE).

5.º. Se non estás nalgunha reunión do tema que dominas, deben notar a túa falta.

E como había que actuar de cara á oposición á cátedra? Aparentemente todo igual de simple que as recomendacións xenéricas anteriores.

1.º A oposición apróbase nos tes primeiros exercicios. Que eran os que levaban preparados... Logo?

2.º Hai que ensaialos na casa cun tribunal ficticio.

3.º Non hai que cometer o erro de ver ou ler as memorias de ninguén. Só así a túa será verdadeiramente orixinal.

4.º Non hai que caer na torpeza de trincar outro opositor.

5.º A primeira vez non vai saír, pero convén ser o mellor para entrar na cota.

Todo isto era moi importante, pero probablemente a súa maior contribución á oftalmoloxía, que é quizais a máis descoñecida, foi o seu empeño persoal ata lograr convencernos ata aos máis escépticos para unirmos á iniciativa (a empuxóns) de entrar na convocatoria do Instituto Carlos III para a creación das Redes Temáticas das que, grazas á súa idea, pasamos a formar parte coa denominación de Oftared. Isto contribuíu dalgunha maneira a dar visibilidade e axudou a poñer en marcha dunha forma coordinada os centros de investigación oftalmolóxica nacionais que estaban a actuar sen apenas ter coñecementos uns doutros máis que cando nos reuniamos no Congreso anual de ARVO en Fort Lauderdale (Florida). Grazas a convencernos a todos, conseguimos entrar nesta primeira convocatoria das Redes Temáticas (Retic). A partir dese recoñecemento, a calidade e sobre todo o desenvolvemento de novos proxectos comúns entre todos os centros participantes na convocatoria supuxo, como todo o que tocaba a man do profesor Sánchez Salorio, un “antes e un despois da investigación oftalmolóxica en España”. O profesor Sánchez Salorio foi o primeiro coordinador xeral de Oftared, por ser o único que confiou en que se íamos lograr ser admitidos. Entón, por que entramos na convocatoria? Moi sinxelo, por que o profesor Sánchez Salorio nolo propuxo. A única resposta cando nos chamaba e nos propoñía incorporarnos á convocatoria era “si ou si”.

QUE ERA A BABY SCHOOL?

A segunda escola profesional aprobada en España.

A única que non lles cobraba matrícula aos alumnos rexistrados.

A que responsabilizaba o alumno desde o primeiro día, incluída a cirurxía.

A primeira en estar dividida en seccións para a rotación dos alumnos.

E O NOME?

Cara ao ano 1966, o profesor Bietty, catedrático de Roma, vén a Santiago convidado polo profesor Salorio, e que atopa? Un catedrático con apenas 35 anos e o seu profesor adxunto con 34; catro encargados de sección, un con 26 anos e tres con 25, acabada de finalizar a especialidade, e algúns alumnos.

O BAUTISMO FOI OFICIADO polo profesor Bietty, que actuou de padriño.

COLLEITA DA BABY SCHOOL.

Tres catedráticos en Santiago

Francisco Gómez Ulla.

Carmela Capeáns Tomé.

Francisco González García.

Cinco catedráticos exportados

Julián García Sánchez (Madrid).

Demetrio Pita Salorio (Barcelona).

José García Campos (Málaga).

José Fernández Vigo (Badaxoz).

Juan Durán de la Colina (Bilbao).

CARGOS RELEVANTES OFTALMOLÓXICOS DO PROFESOR SÁNCHEZ SALORIO

Catedrático de universidade.

Presidente fundador da Sociedade Galega de Oftalmoloxía.

Presidente da Sociedade Española de Oftalmoloxía.

Primeiro presidente da Comisión Nacional de Especialidades.

Primeiro coordinador xeral da Oftared de I. Carlos III.

Fundador e director do Instituto Galego de Oftalmoloxía.

Non podo dicir que o profesor Sánchez Salorio era un amigo, pois estaba moi por encima dese concepto. Tampouco que era como un pai, aínda que moi a miúdo se comportou como se o fose. Chamalo o meu mestre tampouco sería xusto, xa que me deu moito máis do que ningún mestre lles dá xamais aos seus discípulos.

Sen ser o meu amigo, nin o meu pai, nin o meu mestre, soubo interpretar cada día todos eses papeis simultaneamente. Por iso, aínda que sexa doloroso, hoxe estou aquí acompañándoos para lle dicir adeus, co único consolo de saber que a pegada da súa voz, como el desexaba, chegou aos meus discípulos.

Grazas a todos vostedes por acompañarme e á Real Academia de Medicina de Galicia por permitirme estar aquí nesta homenaxe e, ao mesmo tempo, é para min a simbólica despedida do meu mestre o profesor don Manuel Sánchez Salorio.

Dixen.

DISCURSO DO DOUTOR JOAQUÍN POTEL LESQUEREUX, ACADÉMICO NUMERARIO DA CADEIRA DE CIRURXÍA XERAL E DIXESTIVA DA REAL ACADEMIA DE MEDICINA DE GALICIA

Excelentísimo señor presidente da Real Academia de Medicina de Galicia, excelentísimas e ilustrísimas autoridades, ilustrísimos señores académicos, señoras e señores.

Fai nove meses, concretamente o 16 de marzo, chegounos a triste noticia, non por esperada menos triste: o profesor e académico don Manuel Sánchez Salorio, o doutor Salorio, Manolo Salorio, falecera. A academia, a universidade, a medicina (e a oftalmoloxía en particular) galega e española perderon un dos seus máis destacados e recoñecidos líderes.

A nosa institución, ao organizar esta sesión de recordo e sentida homenaxe póstuma ao profesor Sánchez Salorio, numerario da cadeira de Oftalmoloxía, cumpre unha vez máis coa súa obrigación de corresponder coa gratitude propia de persoas ben nadas aos académicos que a serviron fielmente.

Debo empezar expresando o meu agradecemento á academia —ao seu presidente, o doutor Martelo, e á súa Xunta de Goberno— por designarme para intervir nela. Tamén lle agradezo moi calidamente ao profesor Julián

García Sánchez (galego ilustre, de Lugo, estudante en Compostela e amigo de moitos anos) todas as facilidades que nos deu para poder estar hoxe aquí. Formado co profesor Salorio, foi o primeiro discípulo que alcanzou a cátedra, primeiro en Cádiz e logo, moi pronto, en Madrid. Ninguén mellor ca el para resaltar a súa traxectoria en oftalmoloxía obviando así as posibles omisións que, por non ser especialista, podería cometer eu.

Antes de nada, quérolle expresar, tanto persoalmente coma en nome de todos os membros da Real Academia de Medicina de Galicia, á familia do profesor Salorio, especialmente á súa muller, Elena de la Colina, a nosa solidariedade coa súa dor. Desgraciadamente, non pode estar hoxe connosco, pero desde aquí mandámoslle unha mensaxe de agarimo e un moi forte abrazo co desexo e a esperanza na súa recuperación.

O profesor Sánchez Salorio, dotado de excepcionais calidades intelectuais, reforzadas por unha disciplinada vontade, foi merecedor dos máis altos recoñecementos, distincións e honras en todas as institucións, organismos e sociedades científicas das que formou parte. Julián García Sánchez xa nos ofreceu un bo testemuño do seu impresionante currículo profesional. Iso permitirá limitar a miña intervención para resaltar ou comentar outros aspectos da súa biografía vividos moi de preto, grazas á miña prolongada e profunda relación con el.

Os meus primeiros recordos de Salorio remóntanse ao curso 1953-54, cando empezo os meus estudos de medicina na Facultade de Santiago. Ano Santo —non existía aínda o Xacobeo—, toda a cidade vivía e respiraba o ambiente dos anos santos de entón. Nas rúas do centro histórico soaban permanentemente os altosfalantes cos himnos relixiosos. Foi o ano do peche e desaparición do Gran Hospital Real para ser convertido —segundo aseguraba a *vox populi*, por unha decisión persoalísima do xeneral Franco— nun hotel de luxo. Sánchez Salorio terminaba por entón a carreira. No ambiente que eu vivía, aloxado na residencia dos xesuítas, era moi recoñecido. Xa non estaba —foise ao Colexio Maior A Estila—, pero ata o ano anterior fora residente alí. Tiña fama e comentábanse as súas proezas como moi bo estudante. Todas as matrículas, Premio Extraordinario e Premio Nacional Fin de Carrera. Ía á vez, dicíase, co seu amigo, brillante estudante de dereito, Jose Manuel Romay Beccaria, tamén exresidente da residencia e trasladado á Estila. Teño un recordo seu moi nítido, unido a un sentimento de admiración que se confirmou e se fixo máis grande cando o coñecín persoalmente, primeiro como alumno de oftalmoloxía, logo como compañeiro-colega na

vida da facultade e da Universidade en Santiago durante moitos anos e, por último, como amigo entrañable.

Dos seus anos na facultade contaba a súa aversión ao contido das materias de Anatomía, pero que lle serviron para adestrar na disciplina do estudo. O que el cualificaba como un auténtico *flechazo* foi o descubrimento dun novo profesor de Fisioloxía, entón acabado de chegar á facultade, don Ramón Domínguez Sánchez. Decía que se converteu para el naqueles momentos nun modelo para imitar. Tamén lembraba daquela época con especial énfase dous profesores que non procedían de Santiago: don Ángel Moreu, que logo sería o seu mestre e mentor na oftalmoloxía, e don Manuel Suárez Perdiguero, de Pediatría. Fronte á coartada de que “aquí non se pode facer nada” típica daquel tempo, afirmaba que puideran demostrar a toxicidade e a inutilidade da endogamia, E, máis importante, que con traballo e tesón se podía facer moito.

Terminou a licenciatura en 1953 e o doutoramento en 1955, despois dunha estancia en Alemaña. Sendo xa profesor adxunto en 1959, asistín ás súas clases como colaborador do profesor Moreu.

En 1963, despois de “subir á meseta tres veces”, gañou a oposición (“festa bárbara, pero excitante”) de catedrático numerario de Oftalmoloxía de Santiago.

Eu só quero resaltar do período que poderíamos chamar de precátedra o papel que desempeñou, de forma inconsciente seguramente, como exemplo a seguir para un grupo de mozos acabados de licenciar ou doutorandos que decidíramos, despois de moitas dúbidas, quedar en Santiago coa ilusión de poder chegar a alcanzar un día o máximo nivel do profesorado universitario, a cátedra. Non era fácil na facultade de Santiago naqueles anos. Non había tradición, había moito tempo que non saíran catedráticos de disciplinas clínicas en Santiago. A facultade era importadora, viñan profesores de escolas de fóra (de Madrid, preferentemente) e case sempre como entrada na escala. A oposición que gañou Salorio supuxo para aquel pequeno grupo unha inxección de optimismo, unha mensaxe de que se podía. Logo houbo máis triunfos, pero el foi o primeiro que abriu unha xanela de esperanza.

A partir deste intre, xa como catedrático, e aplicando grandes doses de esforzo e traballo, cristalizou o éxito. Sucedeu o seu mestre, o profesor Moreu, na cátedra e no servizo hospitalario, e soubo rodearse dun grupo de mozos entusiastas. Así se foi integrando e desenvolvendo unha escola

potente e prestixiosa que máis tarde sería cualificada como a *Baby School of Ophthalmology*, da que xa nos falou García Sánchez. Grazas a ela, a facultade de Santiago pasou de importadora a exportadora de profesores.

Máis adiante, en 1968, foi vicedecano e, en 1978, vicerreitor. Sempre en Santiago. Por último, fundou e dirixiu a súa última e apaixonante aventura, o Instituto Galego de Oftalmoloxía, o Ingo. Puido así manterse fiel ao que sempre defendera: “A xubilación non é, non debe ser vista, como un punto final, senón como un punto e seguido, o que se pon cando termina un período, pero hai que seguir escribindo”.

Ademais, con ser moi forte o indubidable liderado social e profesional que Sánchez Salorio desenvolveu tanto en Santiago e na Coruña —a súa cidade e grande amor—, coma en toda Galicia, non se considerou satisfeito. Soubo fuxir da comodidade e do confort que dá o próximo e buscou e atopou con pleno éxito a reválida noutros ámbitos. Foi tamén neste sentido para moitos de nós, máis alá da oftalmoloxía, un dos exemplos para imitar e saber manter unha actitude sen complexos, nuns tempos non fáciles, que puidese contribuír, e contribuíu de feito, a que o nome de Galicia e a súa medicina fosen coñecidos e apreciados máis alá de Pedrafitá.

Non hai dúbida ningunha de que o profesor Sánchez Salorio foi, ao longo de toda a súa traxectoria académica, un brillante docente, un universitario exemplar e un auténtico mestre, sempre comprometido co seu tempo e cos seus numerosos discípulos e alumnos.

Vista desde a miña propia perspectiva, toda esta longa convivencia no hospital e na facultade serviron para que os lazos de compañeirismo e admiración iniciais se fosen estreitando, ata converterse nunha crecente amizade que perdurou ata o seu falecemento. Vivimos xuntos tempos de contradición e de mudanza, con vicisitudes históricas na universidade (o 68, a transición, os novos estatutos, a creación de novas universidades en Galicia...) nas que as augas baixaban revoltas e as ideas confusas, e con graves problemas da facultade e do hospital (a masificación de alumnos, a aventura do HGG, o hospital novo, as ás veces difíciles relacións coas autoridades políticas sanitarias...). Nun artigo seu deixou dito: “O dilema era resistir ou tourear, eu preferín tourear”. Tanto no ámbito da universidade coma no da facultade, participamos en múltiples discusións (non sempre estabamos de acordo, sobre todo á hora de defender os intereses —afortunadamente, poucas veces— contrapostos de oftalmoloxía e cirurxía), infinitas reunións... Pero tamén, fóra do noso traballo, compartimos conversacións,

preocupacións, alegrías, faladoiros...Viaxes, algúns inesquecibles, como o que fixemos coas nosas mulleres por Florencia e a Toscana... Podo dicir, en fin, que para min a súa amizade foi unha experiencia moi gratificante e tremendamente enriquecedora. Sempre estarei agradecido por estes moitos anos de compartidas complicitades.

Ao tentar facer o resumo propio dunha *laudatio*, dos principais trazos da personalidade do profesor Salorio, moito me temo que o meu discurso careza da debida obxectividade. Quero citar, tan só como nunha lista, algúns dos cualificativos que, na miña opinión, definen a súa maneira de estar na vida: intelixente, culto, gran lector, de memoria prodixiosa, espírito aberto e crítico, con gran sentido do humor. Tamén curioso, todo lle interesaba. Tolerante, pero con conviccións profundas, austero e honesto. Colaborador, entusiasta do traballo en equipo, líder, guía, innovador. Galego, coruñés, tamén compostelán (o nunca visto, as dúas cidades concedéronlle as súas máximas distincións honoríficas...). Orgulloso das súas raíces ata a vaidade. Rodeado de amigos, querido por todos, sempre riseiro. Conversador infatigable. Espléndido interlocutor. E tamén alegre, optimista, *bon vivant*, amante da boa mesa e do bo viño.

Lin nun artigo seu a propósito da cita dun libro de poemas, *Le dur desir de durer*, de Paul Eluard, lembrada por el con frecuencia, unha breve sentenza que creo reflicte ben o seu sentimento da *joie de vivre*. Decía, matizando cun leve toque de humor o pesimismo do texto inicial: “O duro desexo de durar, de estar aquí, no mundo, que, aínda que algúns yihadistas non o crean, é o mellor sitio onde se pode estar”.

Salorio non só é —con ser xa moito— un médico universitario. É un verdadeiro intelectual. Asómase a observar todo o que cruza o limiar da súa porta: a universidade, a medicina, os grandes —tamén, ás veces, os pequenos— problemas do mundo do noso tempo. E analiza, non só describe. E fíxoo cumprindo os requisitos que, segundo Julián Marías, debían esixirse a todo intelectual honesto: “... nun tempo de ausencia de pensamento, o requisito primario é mirar para ver como son as cousas e tomar posesión da realidade e a segunda condición é a necesidade da xustificación do que se di, a proba de todo aquilo que non é inmediatamente evidente, e poucas cousas o son”. Por certo, que poden parecernos estas palabras sacadas dun artigo do ano 1994, no día de hoxe, en plena época das *fake-news* e da absoluta fluidez intelectual?

Foi capaz de dirixir a súa mirada máis alá da realidade cotiá e de tentar buscar respostas aos problemas cos que tropezaba. E, coma outros antes ca el, comprobou ás veces que as respostas non eran sinxelas ou non existían. Pero que valía a pena pensalas. Os problemas non se resolven se non se pensan, pero en calquera caso é unha apaixonante tarefa discorrer ou elucubrar sobre eles.

Probablemente a medicina, cando se exerce de verdade, cando se exerce con autenticidade, conduce a pensar sobre algo máis alá do simple acto médico ou terapéutico. Evidentemente, estar moi en contacto co corpo humano, ver un ser humano nunha situación límite (enfermidade grave, ameaza de morte), observar a reacción doutras persoas nunha contorna xeral de sufrimento e dor induce, a pouco que se teña algo de sensibilidade e curiosidade intelectual, á reflexión filosófica e á explicación transcendente. Neste sentido, en palabras de Ramón Villares, “o profesor Salorio forma parte desa Santa Compañía de médicos e científicos experimentais que nunca abandonaron o cultivo das humanidades e das clasicamente chamadas ciencias do espírito. El pertence, por dereito propio, ao ronsel de médicos humanistas que deixaron unha fonda pegada na nosa historia cultural. Como non se lembrar, sen saír mesmo dos muros de Compostela, de figuras como José Varela de Montes, Juan Barcia Caballero, Roberto Novoa Santos ou Domingo García Sabel, para decatarse da grande achega que persoas coma eles fixeron á cultura e ao pensamento galego? O profesor Sanchez Salorio é desta estirpe”.

A propósito deste cualificativo de médico humanista, nunha magnífica entrevista que lle fixo Perfecto Conde, á pregunta: “É un tópico ou unha realidade o manido concepto do médico humanista?”, el contestou: “A min non me gusta moito iso do médico humanista, pero, vaia, as cousas hai que nomealas. Eu creo que a carreira de Medicina é tanto de ciencias coma de letras. Despois de todo, ti tes que falar cunha persoa. O exercicio da medicina é unha conversación, tes que entender o paciente. Cando un elixe a medicina xa a elixe por algo, un interese polos demais... A pregunta é lexítima, pero non sei contestar”, conclúe.

Moitas das súas reflexións sobre todo o divino e o humano quedaron reflectidos nos seus artigos na prensa profesional médica e na prensa diaria. Era un escritor brillante, de estilo depurado, con citas moi atinadas e prosa moi culta, coidada, traballada para que resultase cuberta de musicalidade e ritmo.

O seu xornal favorito foi *La Voz de Galicia*, onde as súas colaboracións pronto chamaron a atención pola súa calidade. No ano 1970, obtivo o XII Premio Fernández Latorre, un dos máis cotizados no xornalismo español, polo seu artigo “Tríptico para un tránsito”.

Utilizou varios pseudónimos. O primeiro e máis coñecido foi Procopio. Os artigos asinados por Procopio viron a luz puntualmente todos os 25 de xullo en *La Voz de Galicia*, desde o ano 1990, baixo a epígrafe común de “O soño dunha noite de verán”.

Por que Procopio? Quen ou que era Procopio? Explicouno nun breve artigo despois dun tempo de intriga entre os seus lectores. Copio o seu relato: “Década dos sesenta, reunión da Société Française d’Oftalmologie en París, segunda semana de maio, con 30 anos acabados de cumprir. Medianoite, vagueo sen rumbo pola Rive Gauche, R. de l’Ancienne Comedie. Sobre unha porta de cristal, lin un rótulo: ‘Le Procopé’. Foi como un *flechazo*, coas palabras ás veces é como coas persoas, velas e, sen saber por que, empatizas ou rexéitalas. Logo resultou que Le Procopé era un café. O café máis antigo de París. O café de Voltaire e de Rousseau. Tamén o lugar onde Diderot negociaba co censor Mallesherbes permisos e prohibicións para publicar *La Encyclopedie*.

As mesmas mesas, cadeiras e paredes que foron testemuña do nacemento dese milagre que foi a liberdade de pensamento. Un lugar para falar. Poucas cousas haberá no mundo que poidan igualarse a unha conversación entre espíritos libres capaces de ironía e sentido do humor. Pero tamén un *lieu de memoire*. Un lugar onde o tempo se detén, repousa e sobrevive alongando a vida na memoria. Iso quizais sexa Procopio. A memoria desa vida que sempre se perde ao vivir a vida propia. *Alter ego*. Ese eu que eu puiden ser e que non fun. *Peut etre*. Podería ser...”.

Creo que é un relato moi do estilo de Salorio: describe un feito, un lugar, pero o seu pensamento —e o texto— van moito máis alá, indaga, suxire.

Nesta ampla serie de artigos aparece unha galería de personaxes imaxinados, reais ou disfrazados. O actor principal, Corvus Corax Jacobeus, visita cada ano o seu escenario favorito, sempre Galicia, e fai irromper os protagonistas reais das historias, case sempre sen os seus nomes, aínda que facilmente recoñecibles. O patrón, o oráculo de Delfos-Forcarei, Mr. White, o grande herexe da Reboirana, pensan, falan, discuten, elucubran ou ofertan solucións a temas de actualidade de todo tipo. Sempre cunha prosa impecable e culta,

con elegancia, humor e finísima ironía. Grazas ao potente voo do Corvus e á profundidade de visión dos seus ollos podía visitar países afastados, horizontes insospeitados e ver-pensar cousas a través de prismas insólitos, ás veces lonxe do que aparenta querer contar ou describir. Con todo, nunca deixaba de visitar a súa terra —”alá, polo Apóstolo”— para depositar na caixa de correos do seu confidente, *La Voz de Galicia*, a referencia da súa viaxe asinada por Procopio, convertida xa nunha pequena —só polo seu tamaño— xoia literaria.

Máis adiante, a partir de 2012, iniciou a publicación no mesmo diario coruñés doutra serie de artigos, esta vez asinados por Doktor Pseudonimus, baixo o título común de “A lección do sábado” ou “O zaguán do sábado”. Os *zaguanes*, así lles chamaba o seu autor a estes artigos, teñen un perfil distinto dos procopios. Pola súa periodicidade, saían cada sábado, todas as semanas, e eran máis breves e cun formato máis sinxelo. Pero igual ca nos seus irmáns maiores atopamos neles as mesmas características que fan tan peculiar e persoal a prosa de Sánchez Salorio.

Afortunadamente, nos últimos anos da súa vida, Salorio accedeu á publicación en formato libro dos seus artigos, inicialmente pensados para a prensa periódica. Para el, o xornal, instrumento ideal para a comunicación e no que se atopaba moi cómodo, tiña o problema do efémero, cun compoñente de destino final próximo equivalente ao esquecemento case inmediato. Engadía que o libro, en cambio, queda, ten outra corporeidade, pódese gardar, pasar a bibliotecas, relese... Xornalismo é o que se escribe para ser lido unha vez e literatura o que se relé unha e outra vez. No mesmo texto sobre xornalismo e literatura escápaselle, coa mesma cita outra vez repetida, unha confesión máis íntima: “E tanto ás palabras do Zaguán coma ao seu autor sobreveunos o que Paul Eduard chamou *le dur desir de durer*”. Unha vez máis, reaparece o tema do desexo de durar.

Por fin, editáronse dous libros que recollen dúas seleccións da súa produción xornalística. *A lección do sábado*, en 2018, inclúe os *zaguáns*. *Os soños de Procopio*, en 2021, moi pouco antes da súa morte, recompila os da serie *O soño dunha noite de verán*.

As súas ideas sobre a medicina en xeral e o exercicio médico profesional no tempo actual quedaron recollidas en moitos dos seus artigos. Inspíranse na súa firme crenza na necesidade de volver a unha medicina humanizada, como contrapeso a unha medicina supertecnificada e/ou dixitalizada.

Non se cansaba de repetir un mensaxe-recomendación: “Toda a actividade médica ten que centrarse antes que en ningunha outra cousa no paciente. O primeiro que debe saber un médico é conectar cos sentimentos e preocupacións do paciente, meterse dentro da súa pel”. E cando se dirixe a unha nova xeración de médicos que inician a súa formación recoméndalles: “Cando cheguen ao hospital ao que foron destinados, cando lles ensinen con lexítimo orgullo as marabillas tecnolóxicas de que dispón, pregunten vostedes polas dúas cadeiras que se necesitan para que o paciente e o médico poidan falar a soas”. Conclúe a reflexión con este belo parágrafo: “Hai moitos anos, Ernst Schweninger, un gran clínico berlinés, escribiu que o médico e o seu paciente deberían atoparse como nunha illa deserta. Esta illa xa non existe, quizais non existiu nunca. Ou está chea de aparellos, instrumentos, ordenadores, protocolos, obxectivos e mesmo ás veces citacións dos xulgados de instrución. Pero debe manterse como unha referencia ideal, como expresión de que a relación do médico co seu paciente debe establecerse directamente: sen intermediarios que a condicionen ou instancias alleas que a desvirtúen. En principio, o médico débese aos seus enfermos e a ninguén máis, por iso ha de ser libre. O acto médico non recoñece outras finalidades que as propiamente médicas: o paciente busca curación ou alivio, o médico outórgao na medida en que sabe e pode.

Tamén dirixiu a súa experta mirada aos hospitais. Mirada se non humanística, profundamente humana. Aínda recoñecendo que as dificultades para levar a cabo unha medicina personalizada nas circunstancias dun grande hospital eran moi difíciles, escribiu sobre macro —o hospital— e microorganizacións, os servizos. E especulaba sobre se os modelos comuna-comunidade e organización serían aplicables a un servizo hospitalario. Na comuna, o grupo de persoas é visto e entendido como unha comunidade natural cuxa estrutura e xerarquización apenas necesita ser deseñada, con regras e valores similares aos que rexen na familia, na aldea, na tribo ou nunha cuadrilla. Fronte á organización, a comuna é un mal modelo para cumprir obxectivos externos, admite líderes, pero non xestores. En cambio, pode ser moi importante para os seus membros: satisfai as necesidades de identidade e de pertenza a un grupo, favorece formas significativas de amizade e de confianza mutua. Dá acubillo e pode ser xeradora de entusiasmo.

A pesar do seu compoñente utópico —sobre todo cando se pensa na súa posible aplicación práctica—, aprécianse claramente as preferencias do profesor Salorio. Probablemente, estrañando aquela fantástica historia que supuxo a consolidación dun grupo ao que en ocasión memorable —o Congreso da

Sociedade Europea de Oftalmoloxía realizado en Viena— o profesor de Roma Giambattista Bietti bautizou co título da *Baby School of Ophthalmology*.

Non podo, levaría moito tempo, entrar a fondo nas múltiples análises que abordou con respecto aos hospitais. É moi significativo da súa posición con respecto a estes buques insignia da estrutura sanitaria o seguinte parágrafo: “Os grandes hospitais —estruturas ríxidas e centralizadas, con ausencia de estímulos, incapaces de ofrecer respostas rápidas e de calidade, resistentes a calquera cambio— son como dinosauros: creceulles máis o esqueleto ca o cerebro, non poden percibir e menos adaptarse ao cambio do medio en que viven: competitividade propia da sociedade con economía de mercado libre. E tentouse enxertar cerebro a través de xerentes. Pero..., en moitas ocasións, hai síntomas de rexeitamento porque os médicos recoñecen como *non self* os principios da racionalidade da xestión.

En calquera caso, engade, é un intento. E admite que, mellor ou peor, a xestión acabou por entrar no hospital. E, con ela, a consideración de factores económicos, introdución de modelos de xestión, profesionalización das xerencias; en fin, un intento de planificación con criterios científicos.

Engado tres frases soltas, sacadas de conferencias ou manuscritos quizais non publicados, a modo de conclusións: “Os médicos teñen que entender e participar dos valores e das técnicas da cultura da xestión, pero non poden ser xestores, porque a actividade médica non pode ser planificada na súa totalidade”. “Hai un momento no que o médico e o seu enfermo se atopan como nunha illa deserta: o aparello do sistema non só debe non impedir ese encontro, senón que debe favorecelo”. “Iso significa que, ao final, a planificación ten que abrirse nun espazo no que se recoñece e se vive a autonomía do médico ante o seu paciente”. Ese espazo de liberdade, para que non sexa xerador de caos, debe estar fundamentado na responsabilidade e no profesionalismo, pero tendo en conta que no momento actual ser un profesional nunha organización non pode significar estar eximido de aceptar a programación por obxectivos nin dos controis administrativos que informan e aseguran do seu cumprimento. A superación da liberdade incontrolada propia da comuna non debe conducir á falta de sentido da actividade vivida como traballo forzado.

Por último, sobre a universidade. O profesor Sánchez Salorio, xa quedou dito, foi un universitario exemplar. E namorado de selo. Porque coñecía moi ben a universidade, os seus fundamentos, a súa xustificación, a súa historia. Tamén os seus defectos, as súas dificultades e, porque non, tamén

as súas miserias. Consideraba a universidade como algo seu, non en balde construíu toda a súa traxectoria vital baixo o seu amparo. Viviu intensa e apaixonadamente o día a día da facultade e da Universidade de Santiago. Os seus criterios e opinións foron sempre moi tidas en conta e algunhas veces determinantes en decisións importantes. Tamén ocupou postos directivos, pero el cría que iso era o de menos. Falar, discutir, conferenciar, escribir sobre a universidade ocupou moi boa parte da súa actividade intelectual.

Non podo estenderme aquí; porén, pareceume, non sei se equivocadamente, que ao discorrer sobre unha personalidade cun mundo de intereses tan variado como a de Sánchez Salorio nunha institución médica debía prestar máis atención aos temas relacionados coa medicina.

Moitas das súas reflexións sobre a universidade, con puntos de vista moi orixinais e, coma sempre, brillantemente escritos, foron moi comentados e discutidos no tempo que en que se publicaron. A prol da brevidade, e por poñer un exemplo, citarei tan só tres publicacións.

A monografía *Universidade, multiversidade, megaversidade* recolle con máis profundidade e elaboración os seus puntos de vista sobre a universidade. Temas como “A dialéctica das dúas culturas” (refírese á duplicidade-tensión entre o saber desinteresado e o saber utilitario, segundo Salorio, unha das claves da institución), “A Universidade como comunidade”, “O coñecemento como fin en si mesmo” ou “A Universidade da sociedade de benestar”, entre outros, son expostos cunha forte bagaxe histórico-filosófica e son tratados de forma que as súas conclusións, na miña opinión, conservan plenamente a súa vixencia trinta anos despois.

“Holocausto? Universitario constituínte”, “Delenda est Medicina”, “Os tempos son chegados?” son exemplos de artigos publicados en *La Voz de Galicia*. Neles, en contraste coa monografía, de formato máis académico, comenta a actualidade: os anos da transición política na universidade ou a defensa da Facultade de Medicina, por exemplo. Como reflexo do seu pensamento, escollo unha frase-idea súa: “Dito con máis ánimo de provocar que de convencer: na docencia todo o que non é erotismo é burocracia”. E unha cita de Montaigne que lle gustaba especialmente: “Un alumno non é unha botella que hai que encher, senón un lume que é preciso acender”.

Poderíamos abordar máis temas entre a enorme gama de cuestións que formulou o noso lembrado profesor Salorio. Pero é tempo de rematar. Non é fácil glosar unha personalidade como a súa. Analizar todo o que fixo é

moi difícil, pero teño a impresión —e o temor— de que resumir o seu pensamento, as súas conversacións, os seus papeis —moitos non publicados— sobre tantos e tan variados temas, me excederon. Só aspiro a ser capaz de transmitirllas esta dificultade.

A súa ausencia supón, supoñerá, para a medicina española en xeral e para a galega en particular e, por suposto, para a nosa academia, un baleiro difícil de cubrir. El terminou o seu traballo: soubo crear un patrimonio. E legóuno en herdanza, con todo un reto para as seguintes xeracións: mantelo e incrementalo. Agora, cando xa non haberá máis visitas de Corvus, podo lembrar o que el deixou escrito, transcrito e traducido do seu admirado Von Kleist, como o seu desexo máis íntimo. Creo que manteño a miña fidelidade á súa memoria se o imaxino “seguir tendo mañanciñas de sol para cabalgar e soños para fuxir”.

Descanse en paz o noso inesquecible compañeiro e entrañable amigo.

Moitas grazas pola súa atención.

Dixen.

Peché da sesión. Doutor Martelo Villar, presidente da Real Academia de Medicina de Galicia.

A prol de consumir o menor tempo posible, en homenaxe ao profesor Salorio no que concreto o meu sentimento e o dos académicos desta institución, vou lerlles o breve artigo que publica hoxe *La Voz de Galicia*.

A actividade médica é a procura do motivo dunha enfermidade e das posibles solucións. O médico confía no razoamento que lle permiten os seus coñecementos, na utilización da conversación co paciente e na axuda de probas complementarias, cada día máis valiosas e sofisticadas, que achega a tecnoloxía.

Pero esa actividade, centrada na persoa enferma, empuxa ao pensamento reflexivo. É necesario diferenciar esa negativa realidade que afecta o paciente da aparencia e valorar o papel dos sentimentos que parecen envolver o proceso, pero que en realidade o infiltran todo.

A Manuel Sánchez Salorio, ao que lle rendemos homenaxe hoxe na Real Academia de Medicina de Galicia, gustáballe dicir: “O ordenador non ten sentimentos, nós si”. Por iso, a intelixencia artificial predica con datos médicos, pero non exerce a medicina.

O noso protagonista, coruñés de nacemento, estudante en Santiago, impregnouse desde moi novo do modelo da universidade xermánica na coexistencia de tres funcións irrenunciáveis: docencia, asistencia e investigación, que viu posible coa organización grupal de persoas comprometidas co seu proxecto.

Catedrático, académico e fundador do Instituto Galego de Oftalmoloxía, creou unha escola propia na que formou decenas de oftalmólogos de alto nivel que propagaron o seu ensino en universidades e hospitais de toda España, de xeito que se converteu nunha referencia mundial.

A vista é o primeiro estímulo do cerebro, pero o oído acompaña porque é a arquitectura para o don da palabra. Conferenciante, gran conversador e cultísimo seareiro, tiña o don da palabra falada en todos os foros posibles, de calquera crenza ou atadura política, e adoptou sempre unha posición intermedia que o fai agradable no ambiente conservador e esporeador nos ambientes da progresía. Só se apartaba nas discusións acaloradas. Era un dandi desde a bonhomía.

Volvendo aos sentimentos. Neles puxo a palabra de cantautor, pero tamén foi o seu escritor na soidade do seu recuncho doméstico. O home cultivado ve cousas que lles debe contar aos demais. O seu escenario, as páxinas de *La Voz de Galicia* que durante décadas o converteron nunha referencia como médico humanista, contando as reviravoltas das emocións.

Borges deixou dito: “Hai unha virtude sen a cal todas as demais resultan inútiles. Esa virtude é o encanto”. Agradáballe a xente con encanto. Porque a el gustáballe ser un entrañable sedutor coa actitude e coa palabra, sen querer recoñecer que, por encima de todo, era un mestre da medicina e da vida.

Dixen.



- Na mesa presidencial, de esquerda a dereita: os doutores Álvaro Ruibal Morell, Francisco Martelo Villar e Alberto Juffé Stein, vicepresidente, presidente e secretario xeral da RAMG. No estrado de académicos, primeira fila, de esquerda a dereita: os doutores Jorge Teijeiro Vidal, Javier Martínez Pérez-Mendaña, Francisco Javier Jorge Barreiro e Alejandro Novo Domínguez. Na segunda fila, de esquerda a dereita: os doutores Pablo Rey del Corral e Miguel Cainzos Fernández; o académico correspondente, doutor Javier de Toro Santos, e os académicos numerarios, doutores David Suárez Quintanilla, Manuel Noya García e Fernando Ponte Hernando.



- Na mesa presidencial, de esquerda a dereita: os doutores Álvaro Ruibal Morell, Francisco Martelo Villar e Alberto Juffé Stein, vicepresidente, presidente e secretario xeral da RAMG. No atril: o doutor Julián García Sánchez, académico numerario da cadeira de Oftalmoloxía da RANME.



- Na mesa presidencial, de esquerda a dereita: os doutores Álvaro Ruibal Morell, Francisco Martelo Villar e Alberto Juffé Stein, vicepresidente, presidente e secretario xeral da RAMG. No atril: o doutor Joaquín Potel Lesquereux, académico numerario titular da cadeira de Cirurxía Xeral e Dixestiva. No estrado de honra: o doutor Julián García Sánchez, académico numerario da cadeira de Oftalmoloxía da RANME.

Manuel Sánchez Salorio, académico

AL DÍA

FRANCISCO MARTELO

Presidente de la Real Academia de Medicina de Galicia

La actividad médica es la búsqueda del motivo de una enfermedad y de las posibles soluciones. El médico confía en el razonamiento que le permiten sus conocimientos, la utilización de la conversación con el paciente y la ayuda de pruebas complementarias, cada día más valiosas y sofisticadas, que aporta la tecnología.

Pero esa actividad, centrada en la persona enferma, empuja al pensamiento reflexivo. Es necesario diferenciar esa negativa realidad que afecta al paciente de la apariencia y valorar el papel de los sentimientos,

que parecen envolver el proceso pero que en realidad lo infiltran todo.

Manuel Sánchez Salorio, al que hoy rendimos homenaje en la Real Academia de Medicina de Galicia, gustaba de decir: «El ordenador no tiene sentimientos, nosotros sí». Por eso la inteligencia artificial predica con datos médicos, pero no ejerce la medicina.

Nuestro protagonista, coruñés de nacimiento, estudiante en Santiago, se había desde muy joven impregnado del modelo de la universidad germánica en la coexistencia de tres funciones irrenunciables, docencia, asistencia e investigación, que vio posible con organización grupal de personas comprometidas con su proyecto.

Catedrático, académico, y

fundador del Instituto Galego de Oftalmoloxía, creó una escuela propia, en la que formó a decenas de oftalmólogos de alto nivel que propagaron su enseñanza en universidades y hospitales de toda España, convirtiéndose en una referencia mundial.

La vista es el primer estímulo del cerebro, pero el oído le acompaña porque es la arquitectura para el don de la palabra. Conferenciante, gran conversador y cultísimo tertuliano, tenía el don de la palabra hablada en todos los foros posibles, de cualquier creencia o atadura política, adoptando siempre una posición intermedia, que lo hacía agradable en los ambientes conservadores y espolador en los de progresía. Solo se apartaba en las discusio-

nes acaloradas. Era un dandi desde la bonhomía.


Volviendo a los sentimientos, en ellos puso la palabra de cantautor, pero también fue su escritor en la soledad de su recuncho doméstico. El hombre cultivado ve cosas que debe contar a los demás. Su escenario, las páginas de La Voz de Galicia, que durante décadas lo convirtieron en una referencia como médico humanista, contando los entresijos de las emociones.

Borges dejó dicho: «Hay una virtud sin la cual todas las demás resultan inútiles. Esa virtud es el encanto». Le agradaba la gente con encanto. Porque a él le gustaba ser un entrañable seductor con la actitud y la palabra, sin querer reconocer que, por encima de todo, era un maestro de la medicina y de la vida.

- La Voz de Galicia 15 de decembro de 2023.

V

CICLO DE CONFERENCIAS DE
DIVULGACIÓN SANITARIA, EN
COLABORACIÓN CO CONCELLO
DA CORUÑA. CONCELLERÍA
DE IGUALDADE, BENESTAR
SOCIAL E PARTICIPACIÓN



O ciclo consta de catorce conferencias nos centros cívicos municipais, desde o 9 de outubro ata o 29 de novembro do ano 2023.

LUNS 9 DE OUTUBRO-CENTRO CÍVICO DE ELVIÑA.

Doutor José Luis Rodríguez Villamil, académico correspondente.

Deterioración cognitiva: demencias.

MÉRCORES 11 DE OUTUBRO-CENTRO CÍVICO DOS MALLOS.

Doutor Luis Ferrer i Balsebre, académico numerario titular da cadeira de Psiquiatría.

Prevención do suicidio.

LUNS 16 DE OUTUBRO-CENTRO CÍVICO DE EIRÍS.

Doutor Jesús Gestal Otero, académico numerario titular da cadeira de Medicina Preventiva.

Enfermedades infecciosas, compañeiras de viaxe da humanidade. Como protexernos?.

MÉRCORES 18 DE OUTUBRO-CENTRO CÍVICO DE MONTE ALTO.

Doutora Rosa Meijide Faílde, académica numeraria da cadeira de Hidroloxía.

Augas termais no envellecemento saudable.

VENRES 20 DE OUTUBRO-CENTRO CÍVICO DE MONELOS.

Doutor Alejandro Pazos Sierra, académico correspondente.

Intelixencia artificial.

LUNS 23 DE OUTUBRO-CENTRO CÍVICO DE PALAVEA.

Doutora Teresa Jorge Mora, académica numeraria titular da cadeira de Rehabilitación e Medicina Física.

Riscos de caídas en persoas maiores. A súa prevención.

MÉRCORES 25 DE OUTUBRO-CENTRO CÍVICO DOS MALLOS.

Doutora Rosaura Leis Trabazo, académica correspondente.

Alimentación saudable do neno ao ancián. Dieta atlántica.

MÉRCORES 8 DE NOVIEMBRE-CENTRO CÍVICO SAN DIEGO.

Doutor Francisco Javier Jorge Barreiro, académico numerario titular da cadeira de Anatomía.

Prescripción do exercicio físico na saúde e na enfermidade.

VENRES 10 DE NOVIEMBRE-CENTRO CÍVICO DE MONELOS.

Doutor José Carlos Millán, académico correspondente.

Envellecemento e fragilidade.

XOVES 16 DE NOVIEMBRE-CENTRO CÍVICO DE MESOIRO.

Doutor Andrés Soto Varela, académico correspondente.

Xordeira e estabilidade.

VENRES 17 DE NOVIEMBRE-CENTRO CÍVICO DE PALAVEA.

Doutor Alberto Juffé Stein, académico numerario titular da cadeira de Cirurxía Cardíaca.

Falta de rego no corazón. Solucións.

LUNS 20 DE NOVIEMBRE-CENTRO CÍVICO DE EIRÍS.

Doutor Ángel Carracedo Álvarez, académico numerario titular da cadeira de Medicina Legal.

Xenética e saúde. Personalización da prevención e o tratamento da enfermidade.

MÉRCORES 22 DE NOVIEMBRE-CENTRO CÍVICO DE NOVOBOANDANZA.

Doutor Javier de Toro Santos. académico numerario titular da cadeira de Reumatoloxía.

Saúde ósea.

MÉRCORES 29 DE NOVIEMBRE-CENTRO CÍVICO DA CIDADE VELLA.

Doutor Arturo Parada. Especialista en valoración do dano corporal.

Responsabilidade sanitaria tras os accidentes de tráfico.

VI

CICLO DE CONFERENCIAS “A VACINA DA VARÍOLA EN ESPAÑA, GALICIA E AMÉRICA”



■ SETEMBRO

27 (mércores), 19:00 h. HISTORIA DA INMUNIZACIÓN: DA INOCULACIÓN Á REAL EXPEDICIÓN FILANTRÓPICA DA VACINA.

Impartiu a conferencia o doutor Fernando Ponte Hernando, académico numerario de Historia da Medicina.

■ OUTUBRO

3 (mércores), 19:00 h. O DESCUBRIMENTO DE JENNER E A DIFUSIÓN DA VACINA EN EUROPA E ESPAÑA.

Impartiu a conferencia don Carlos González Guitián, investigador.



- Na mesa presidencial, de esquerda a dereita: a doutora Rosa Meijide Faílde, tesoureira da RAMG; o doutor Alberto Juffé Stein, secretario xeral da RAMG, e don Carlos González Guitián, investigador. No atril: doutor Francisco Martelo Villar, presidente da RAMG.



► Na mesa presidencial, de esquerda a dereita: a doutora Rosa Meijide Faílde, tesoureira da RAMG, e os doutores Francisco Martelo Villar e Alberto Juffé Stein, presidente e secretario da RAMG. No atril: don Carlos González Guitián, investigador.

10 (martes), 19:00 h. ISABEL ZENDAL E OS NENOS VACUNÍFEROS.

Intervén don Antonio López Mariño, xornalista e investigador.



► Na mesa presidencial, de esquerda a dereita: o doutor José Luis García Alcón, académico numerario titular da cadeira de Medicina Militar, e os doutores Francisco Martelo Villar e Alberto Juffé Stein, presidente e secretario xeral da RAMG. No atril: don Antonio López Mariño.

17 (martes), 19:00 h. CINEMA E MEDICINA.

Interveñen: don Antonio Brea, historiador de cinema, e o doutor Luis Ferrer i Balsebre, académico numerario de Psiquiatría.



► Na mesa presidencial: o doutor Francisco Martelo Villar, presidente da RAMG. No atril: don Antonio Brea.

24 (martes), 19:00 h. A DIFUSIÓN INTERNACIONAL DA EXPEDICIÓN BALMIS DURANTE O SÉCULO XIX.

Impartiu a conferencia o doutor José Tuells, catedrático de Medicina da Universidade de Alacante.

**31 (martes), 19:00 h.
LITERATURA E MEDICINA.**

Intervén: dona Cecilia Monllor, experta en literatura, escritora, libreira e editora, e a doutora Pilar Farjas, especialista en Saúde Pública.



▶ Na mesa presidencial, de esquerda a dereita: o doutor David Suárez Quintanilla, académico numerario titular da cadeira de Odontoestomatoloxía; o doutor Francisco Martelo Villar, presidente da RAMG, e a doutora Rosa Meijide, tesoureira da RAMG. No estrado de honra: a doutora Pilar Farjas, dona Cecilia Monllor e don Carlos González Guitián.



▶ Na mesa presidencial, de esquerda a dereita: o doutor David Suárez Quintanilla, académico numerario titular da cadeira de Odontoestomatoloxía; o doutor Francisco Martelo Villar, presidente da RAMG, e a doutora Rosa Meijide, tesoureira da RAMG. No atril: don Carlos González Guitián. No estrado de honra: a doutora Pilar Farjas e dona Cecilia Monllor.



► Na mesa presidencial, de esquerda a dereita: o doutor David Suárez Quintanilla, académico numerario titular da cadeira de Odontoestomatoloxía; o doutor Francisco Martelo Villar, presidente da RAMG, e a doutora Rosa Meijide, tesoureira da RAMG. No atril: a doutora Pilar Farjas.

■ NOVEMBRO

9 (xoves), 18:30 h, no salón de actos da Autoridade Portuaria da Coruña. ENFERMIDADES INFECCIOSAS EMERXENTES. UNHA AMEAZA QUE NON CESA.

Impartiu a conferencia o doutor Juan Jesús Gestal Otero, académico numerario de Medicina Preventiva.

Interveñen: don Martín Fernández Prado, presidente de obras do porto da Coruña, e o doutor Francisco Martelo Villar, presidente da Real Academia de Medicina de Galicia.

VII

PUBLICACIONES



■ PUBLICACIÓNS DA RAMG

MEMORIA DE ACTIVIDADES DO ANO 2022. Doutor Alberto Juffé Stein.

- 22. 13 de setembro de 2023. **La Voz de Galicia**. Conferencia do doutor Arturo González Quintela.
- 23. 27 de setembro de 2023. **La Voz de Galicia**. A Real Academia de Medicina de Galicia, inauguración da exposición da vacina da varíola e conferencia.
- 24. 27 de setembro de 2023. **El Correo Gallego**. Inauguran unha exposición sobre a vacina da varíola na Coruña.
- 25. 28 de setembro de 2023. **Quincemil**. A Coruña acolle unha exposición sobre a expedición que exportou a vacina da varíola.
- 26. 3 de outubro de 2023. **La Voz de Galicia**. Conferencia do investigador Carlos González Guitián.
- 27. 5 de outubro de 2023. **La Voz de Galicia**. Flórez Lozano ofrece unha conferencia sobre as claves dun envellecemento saudable.
- 28. 15 de outubro de 2023. **La Voz de Galicia**. Centro Cívico de Eirís. Conferencia do doutor Juan Jesús Gestal Otero.
- 29. 17 de outubro de 2023. **La Voz de Galicia**. Cinema e medicina.
- 30. 20 de outubro de 2023. **La Voz de Galicia**. Centro Cívico de Monelos. Conferencia do doutor Alejandro Pazos Sierra.
- 31. 23 de outubro de 2023. **La Voz de Galicia**. Centro Cívico de Palavea. Conferencia da doutora María Teresa Jorge Mora.
- 32. 19 de outubro de 2023. **La Voz de Galicia**. Conferencia do doutor José María Eiros Bouza.
- 33. 8 de novembro de 2023. **La Voz de Galicia**. Centro Cívico de San Diego. Conferencia do doutor Francisco Javier Jorge Barreiro.
- 34. 16 de decembro de 2023. **La Voz de Galicia**. Sánchez Salorio supuxo un antes e un despois na oftalmoloxía.

VIII

DISTINCIONES CONCEDIDAS AOS ACADÉMICOS NUMERARIOS E CORRESPONDENTES



■ NUMERARIOS

CARRACEDO ÁLVAREZ, Ángel.

- Nomeado doutor honoris causa pola Facultade Complutense de Madrid o 1 de decembro de 2023.

DOMÍNGUEZ MUÑOZ, Juan Enrique.

Calidade das mostras obtidas mediante biopsia hepática guiada por ecoendoscopia: ensaio clínico aleatorizado e controlado fronte a biopsia percutánea.

Lariño Noia J, Castroagudín J, De la Iglesia García D, Lázare H, Nieto L, Porto S, Vallejo Senra N, Molina E, San Bruno A, Martínez Sieira X, Iglesias García J, García Acuña S, Domínguez Muñoz JE. LXXXII Congreso da Sociedade Española de Patoloxía Dixestiva, Sevilla, 8-10 de xuño de 2023.

- **Premio Díaz Rubio á Mellor Comunicación en Gastroenteroloxía Clínica dos Premios Fead 2023.**

Activación da vía JAK/STAT e niveis de il-6 en colite ulcerosa moderada-grave.

Calviño Suárez C, Martínez Rodríguez Al, Bastón Rey I, Moreira Álvarez D, Ferreiro Iglesias R, Ardao Palacios I, de la Iglesia García D, Porto Silva S, Nieto Garcia L, Varela Liste MJ, Brea Floriani JM, Domínguez Muñoz JE, Louza García M, Barreiro de Acosta M. LXXXII Congreso da Sociedade Española de Patoloxía Dixestiva, Sevilla, 8-10 de xuño de 2023.

- **Premio á Mellor Comunicación Oral Breve dos Premios Fead 2023.**

MARTINÓN TORRES, Federico.

- PREMIO NACIONAL 2023 ANISBASIS pola súa traxectoria profesional.

- PREMIOS REFERENTE 2023 pola súa contribución na investigación clínica das enfermidades raras. Categoría: investigación clínica.
- PREMIO BEST IN CLASS á Mellor Unidade de Enfermidades Infecciosas en Atención ao Paciente de España. Gañador segundo a clasificación ICAP.
- PREMIOS LIDERADO REPUTACIONAL SANITARIO 2023 como o especialista con mellor reputación en España en pediatría.

PINO MÍNGUEZ, Jesús.

- Nomeado membro do Comité Científico da Sociedade Española de Columna Vertebral GEER.
- Nomeado membro da Comisión Executiva da Escola de Doutoramento Internacional da Universidade de Santiago de Compostela, na Sección de Ciencias da Saúde.

PONTE HERNANDO, Fernando J.

- Nomeado Embaixador Marca Exército.
- III Edición do Premio Amigos de Historia da Veterinaria. Real Academia de Ciencias Veterinarias de España, polo traballo titulado “Máis alá da haxiografía ou do victimismo: a traxectoria de Abelardo Gallego Canal en Santiago de Compostela (1903-1921)”.

REGUEIRO GARCÍA, Benito José.

- Nomeamento como profesor e investigador ad honorem con actividade adscrita ao Departamento de Microbioloxía e Parasitoloxía. Universidade de Santiago de Compostela.
- Ex aequo do Premio da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Andalucía Oriental polo traballo científico titulado: “IN VITRO NEUTRALIZING ACTIVITY OF BNT162B2 MRNA-INDUCED ANTIBODIES AGAINST FULL B. I. 35I SARS-COV.2 VARIANT” do que son autores Esther Serrano Conde, Alba Leyva, Ana Fuentes, Adolfo de Salazar, Natalia Chueca, Sonio Pérez Castro, Benito Regueiro, Almudena Rojas, Joaquín Mendoza, José Rojas, Federico García.

VARELA CIVES, Ramiro.

- Nomeamento como presidente da Fundación Amigos de Galicia.

■ CORRESPONDENTES

CAÍNZOS FERNÁNDEZ, Miguel Ángel.

- Membro de honra (Hon) da Surgical Infection Society of North America (SIS), New York, USA.
- National Delegate for Spain of the International Society of Surgery (ISS/SIC), Zúric, Switzerland.
- Profesor emérito de Cirurxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC).
- Editor honorífico da *Revista de Cirurxía de Galicia*, órgano oficial da Sociedade de Cirurxía de Galicia (Sociga).
- Nomeamento como emérito do Servizo Galego de Saúde o día 4 de decembro de 2023.

BLANCO GARCÍA, Francisco Javier.

- Nomeamento de académico correspondente pola Real Academia Nacional de Medicina en España o 17 de maio de 2022.
- Nomeamento como fillo predilecto en Cee (A Coruña) o 12 de agosto de 2023.

IX

PREMIOS A TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN CONVOCADOS POLA REAL ACADEMIA DE MEDICINA DE GALICIA



■ PREMIOS OUTORGADOS NO ANO 2023

O PREMIO DA FUNDACIÓN BARRIÉ, dotado con 10.000 € e nomeamento como académico correspondente ao mellor traballo de tema libre, en ciencias médicas de aplicación clínica.

Recaeu no traballo titulado: “A SCORE TO ASSESS MORTALITY AFTER PERCUTANEOUS MITRAL VALVE REPAIR”, do que son autores Raposeiras Roubin S, Adamo M, Freixa X, Arzamendi D, Benito González T, Montefusco A, Pascual I, Nombela Franco L, Rodes Cabau J, Shuvy M, Portolés Hernández A, Godino C, Caneiro Queija B, Lupi L, Regueiro A, Li CH, Fernández Vázquez F, Frea S, Avanzas P, Tirado Conte G, Paradis JM, Peretz A, Moñivas V, Baz JA, Galasso M, Branca L, Sanchís L, Asmarats L, Garrote Coloma C, Ángelini F, León V, Pozo E, Alperi A, Beerli R, Cani D, Sabaté M, Fernández Peregrina E, Gualis J, Bocchino PP, Curello S, Abu Assi E, Íñiguez Romo A, Bedogni F, Rubbio AP, Testa L, Grasso C e Estévez Loureiro R.

Concedéuselle un accésit (mención de honra) ao devandito premio ao traballo titulado:

“FAECAL IMMUNOCHEMICAL TESTS SAFELY ENHANCE RATIONAL USE OF RESOURCES DURING THE ASESMENT OF SUSPECTED SYMPTOMATIC COLORECTAL CANCER IN PRIMARY CARE: SYSTEMATIC REVIEW AND META-ANALYSIS”, cos seguintes autores Pin Vieito N, Tecido Sandoval C, de Vicente Bieiza N, Sánchez Gómez C e Cubiella J.

O PREMIO DA FUNDACIÓN CENTRO ONCOLÓXICO DE GALICIA JOSÉ ANTONIO QUIROGA Y PIÑEYRO, dotado con 9000 €, ao mellor traballo de tema libre de investigación oncolóxica non básica, de interese científico-social-sanitario.

Foi concedido ao traballo: “SURVIVAL PREDICTION AND TREATMENT OPTIMIZATION OF MULTIPLE MYELOMA PATIENTS USING MACHINE-LEAR-

NING MODELS BASED ON CLINICAL AND GENE EXPRESSION DATA”, subscrito por Adrián Mosquera Orgueira, Marta Sonia González Pérez, José Ángel Díaz Arias, Beatriz Antelo Rodríguez, Natalia Alonso Vence, Ángeles Bendaña López, Aitor Abuín Blanco, Laura Bao Pérez, Andrés Peleteiro Raíndo, Miguel Cid López, Manuel Mateo Pérez Acíñeiras, José Luis Bello López e María Victoria Mateos Manteca.

Concedéuselle un accésit (mención de honra) ao devandito premio ao traballo titulado:

“RETHINKING PROGNOSTIC FACTORS IN LOCALLY ADVANCED OR METASTATIC UROTHELIAL CARCINOMA IN THE IMMUNE CHECKPOINT BLOCKADE ERA: A MULTICENTER RETROSPECTIVE STUDY”, do que son autores J. Ruiz Bañobre, A. Molina Díaz, O. Fernández Calvo, N. Fernández Núñez, A. Medina Colmenero, L. Santomé, M. Lázaro Quintela, M. Mateos González, N. García Cid, R. López López, S. Vázquez e U. Anido Herranz.

O PREMIO DE PREVISIÓN SANITARIA NACIONAL (PSN), dotado con 3000 €, ao mellor traballo sobre humanidade e exercicio profesional, aspectos humanísticos da profesión médicas tanto desde o punto de vista científico coma na actividade clínica.

Foi outorgado ao traballo titulado: “HUMANIZANDO PASO A PASO A UNIDADE DE CUIDADOS CRÍTICOS DE ANESTESIA”, do que é primeiro autor Palau Martí, Cristian e coautores Pajares Moncho, María Azucena; Moreno Puigdollers, Ignacio; Pérez Solaz, Amparo e Argente Navarro, María Pilar.

Recoñeceuse cun accésit (mención de honra) ao traballo titulado: “É POSIBLE HOXE EN DÍA UNHA ATENCIÓN HUMANIZADA NA ASISTENCIA SANITARIA?”, cuxo primeiro autor é Naranjo Rodríguez, Benjamín e coautora Naranjo Vela, María del Carmen.

■ PREMIOS CONVOCADOS PARA O ANO 2024 POLA REAL ACADEMIA DE MEDICINA DE GALICIA

NORMATIVA XERAL

Unha das misións da Real Academia de Medicina de Galicia é a promoción e difusión da excelencia científica en temas relacionados coas ciencias médi-

cas. É tamén un dos obxectivos fomentar a participación das mozas e mozos investigadores e clínicos en formación nestes premios. A academia considera importante nos traballos de investigación a capacidade de innovación e que teñan un claro valor translacional.

A Real Academia de Medicina de Galicia convoca para este ano 2024 os seguintes premios:

- **PREMIO DA FUNDACIÓN BARRIÉ, Excelentísimo Señor Pedro Barrié de la Maza**, ao mellor traballo en ciencias médicas de aplicación clínica, publicado nunha revista internacional recollida no *Journal of Citations Reports* e publicado en calquera día dos dous anos anteriores a esta convocatoria (desde o 1 de xaneiro de 2022 ao 31 de decembro de 2023). O premiado terá o nomeamento de académico/a correspondente e unha dotación económica de 10.000 euros.
- **PREMIO FUNDACIÓN CENTRO ONCOLÓXICO DE GALICIA, José Antonio Quiroga y Piñeyro**, a un traballo de tema libre de investigación oncolóxica clínica, publicado nunha revista científica en calquera día dos dous anos anteriores a esta convocatoria (desde o 1 de xaneiro de 2022 ao 31 de decembro de 2023). Terá unha dotación económica de 9000 euros.
- **PREMIO PREVISIÓN SANITARIA NACIONAL (PSN)**, a un traballo inédito sobre humanidade e exercicio profesional, aspectos humanísticos da profesión médica tanto desde o punto de vista científico como na actividade clínica, cunha dotación económica de 3000 euros.

Os traballos deben ser remitidos á Secretaría da Real Academia de Medicina de Galicia, por correo certificado, segundo as bases da convocatoria, ao seguinte enderezo: rúa Durán Loriga, 10, 15003 A Coruña, ou por correo electrónico a: ramycga@ramycga.org, antes do 31 de outubro de 2024, data en que quedará pechada a admisión. **Un candidato só poderá enviar como máximo un traballo a cada premio.**

Os traballos dos candidatos serán avaliados pola Comisión de Premios, a cal dirixirá unha proposta razoada á Xunta de Goberno da RAMG e **esta fará unha proposta final ao Pleno da RAMG. Unha vez aprobada polo Pleno da RAMG, a decisión será inapelable.** Calquera dos premios poderá ser declarado deserto.

A entrega dos premios terá lugar no acto inaugural do curso académico de 2025. Así mesmo, os premiados comprometeranse a expoñelo no evento científico que esixe a Real Academia de Medicina de Galicia.

■ BASES DOS PREMIOS DA REAL ACADEMIA DE MEDICINA DE GALICIA DO ANO 2024

PREMIO DA FUNDACIÓN BARRIE, Excelentísimo Señor Pedro Barrié de la Maza.

Ao mellor traballo científico en ciencias médicas.

Dotado con 10.000 euros e nomeamento de académico correspondente.

Outorgarase á persoa responsable do mellor traballo clínico de tema libre en ciencias médicas, publicado nunha revista internacional de prestixio (do 1/1/2022 ao 31/12/2023).

Unha das misións da Real Academia de Medicina de Galicia e da Fundación Barrié de la Maza é a promoción e difusión da excelencia científica en temas relacionados coas ciencias médicas. É tamén un dos obxectivos fomentar a participación das mozas e mozos investigadores e clínicos en formación nestes premios. A academia considera importante nos traballos de investigación a capacidade de innovación e que teñan un claro valor translacional.

Normativa do premio

O traballo será orixinal, excluídas as revisións.

Deberá ser publicado nunha revista indexada no *Science Citation Reports*, con índice de impacto.

Ha de ser publicado (non en liña) en calquera día dos dous anos anteriores á convocatoria do premio (1/1/2022 ao 31/12/2023).

Terán preferencia os traballos cuxos autores estean realizando a súa residencia regulamentaria (MIR, FIR etc.) ou que sexan científicos facendo a súa tese de doutoramento ou formación posdoutoral. A devandita actividade ha de ser realizada nalgún centro oficial acreditado e cun máximo de 10 anos desde a finalización da súa licenciatura.

O traballo será dun tema clínico. Ante calquera dúbida sobre a adscripción dun traballo, o Comité de Premios será a que tome a decisión final.

Metódica

O traballo será enviado á secretaría da Real Academia de Medicina de Galicia, mediante un correo certificado ou por vía telemática, por parte da persoa responsable deste. Enténdese por responsable o primeiro ou o último asinante ou o que apareza como persoa que mantén a correspondencia. En caso de dúbida, os autores asinantes do traballo deberán chegar a un acordo sobre este.

Para ser admitido a trámite deberá acompañarse o traballo dunha carta do responsable na que expoña:

- A.-** Que todos os autores aceptaron participar no premio e que el ou ela é a persoa que figura como responsable deste.
- B.-** Cales dos autores son residentes (MIR, FIR etc.) ou investigadores en formación, tanto predoutoral coma postdoutoral (máximo 10 anos desde a finalización da súa licenciatura), en calquera centro acreditado, no momento en que se publicou o traballo.
- C.-** O premio concederáselle á persoa responsable deste, que deberá acordar cos outros autores a coparticipación nos méritos correspondentes.
- D.-** Na carta comprometerase a recoller o premio no acto que a academia designe, onde se lle entregará este e o certificado de académico correspondente. Así mesmo, comprometerase a expoñelo no evento científico que a academia estableza.
- E.-** Non poderá presentarse a este premio quen o obtivese previamente como responsable e non poderán figurar como responsables do traballo académicos numerarios da academia.

O premio poderá ser declarado deserto.

PREMIO CENTRO ONCOLÓXICO DE GALICIA, “José Antonio Quiroga y Piñeyro”

A un traballo de tema libre de investigación en oncoloxía clínica ou translacional, de interese científico e sanitario.

Dotado con 9000 euros e diploma acreditativo.

Unha das misións da Real Academia de Medicina de Galicia e do Centro Oncolóxico de Galicia é a promoción e difusión da excelencia científica en temas relacionados coa oncoloxía clínica. É tamén un dos obxectivos fomentar a participación das mozas e mozos investigadores e clínicos en formación na realización destes traballos. Por tanto, o premio focalizarase na calidade científica do traballo en concurso e favoreceranse aqueles nos que participen mozos en formación.

Normativa do premio

O traballo poderá ser orixinal ou revisión.

Ha de ser publicado (non en liña) en calquera día dos dous anos anteriores á convocatoria do premio (1/1/2022 ao 31/12/2023).

Terán preferencia os traballos cuxos autores estean realizando a súa residencia regulamentaria (MIR, FIR etc.) ou que sexan científicos facendo a súa tese de doutoramento ou formación posdoutoral. A devandita actividade ha de ser realizada nalgún centro oficial acreditado e cun máximo de 10 anos desde a finalización da súa licenciatura.

A temática será a oncoloxía clínica. Ante calquera dúbida sobre a adscrición do traballo, o Comité de Premios tomará a decisión final.

Metódica:

O traballo será enviado á secretaría da academia, mediante correo ou por vía telemática, pola persoa responsable deste. Enténdese por responsable o primeiro ou o último asinante ou o que apareza como persoa que mantén a correspondencia. En caso de dúbida, os autores asinantes do traballo deberán chegar a un acordo sobre este.

Para ser admitido a trámite deberá acompañarse o traballo dunha carta do responsable na que expoña:

- A.-** Que todos os autores aceptaron participar no premio e que el ou ela é a persoa que figura como responsable deste.
- B.-** Cales dos autores son residentes (MIR, FIR etc.) ou investigadores en formación, tanto predoutoral coma posdoutoral (máximo 10 anos desde

a finalización da súa licenciatura), en calquera centro acreditado, no momento en que se publicou o traballo.

C.- O premio concederáselle á persoa responsable deste, que deberá acordar cos outros autores a coparticipación nos méritos correspondentes.

D.- Na carta comprometerase a recoller o premio no acto que a academia designe, onde se lle entregará este e o certificado de académico correspondente. Así mesmo, comprometerase a expoñelo no evento científico que a academia estableza.

E.- Non poderá presentarse a este premio quen o obtivese previamente como responsable e non poderán figurar como responsables do traballo académicos numerarios da academia.

O premio poderá ser declarado deserto.

PREMIO PREVISIÓN SANITARIA NACIONAL (PSN).

A un traballo inédito sobre humanidade e exercicio profesional. (Aspectos humanísticos da profesión médica, tanto desde o punto de vista científico como na actividade clínica).

Dotado con 3000 euros.

BASES

Os traballos deberán ser orixinais, inéditos e non premiados xa por ningunha outra entidade, podendo estar realizados por un só autor ou por varios autores, en equipo.

. O autor e coautores ou colaboradores que figuren como tales entregaráselles un certificado individual de participación nos traballos premiados. O/os mesmo/vos autor/é non poderán presentar o mesmo traballo a outros premios na mesma convocatoria. Poderanse conceder “mencións honoríficas” a outros traballos presentados á mesma convocatoria, que sexan merecedores diso.

. A Real Academia, poderá acordar, se o estima oportuno, a impresión do traballo galardoado, fixándose, en cada caso, o número de exemplares que haberían de corresponder a cada unha das partes. Todas as memorias presentadas quedarán propiedade da RAMG.

A entrega dos premios terá lugar no acto inaugural do curso académico de 2025.

O fallo na concesión do premio da Real Academia será inapelable.

Metodoloxía

1. Estarán mecanografiados por ordenador a dous espazos, en tamaño DIN A4 ou holandesa, redactados en castelán ou galego, sen sinatura, nin rúbrica, nin indicación que poida revelar o nome do autor. Na primeira páxina ou na cuberta levará, ademais do título, un lema que exprese a que premio se presenta; de non indicalo, será eliminado do concurso. Os manuscritos non deberán exceder as 50 páxinas.

2. Cada traballo será enviado á academia de forma que se manteña o anonimato do seu autor. Virá acompañado por un **sobre pechado, co título completo e o lema** na parte externa do sobre, dentro do cal incluírá os seguintes documentos:

- O nome do autor ou, se é o caso, autores, en cuxo caso se especificará a súa orde como 1.º, 2.º, 3.º etc. asinante. Achegarase unha fotocopia do título ou títulos profesionais e unha fotocopia do correspondente DNI.
- Domicilio e teléfono do autor ou autores, así como declaración xurada de que o traballo é orixinal e non foi publicado, nin total nin parcialmente, con anterioridade.
- Carta asinada polo autor ou autores na que se comprometa a aceptar o premio no caso de que o seu traballo resulte merecedor deste. Así mesmo, comprometerase a expoñelo nun evento científico que a Real Academia de Medicina designe.

3. Para que sexan aceptados os traballos deberanse enviar tres exemplares impresos e outro en soporte informático cuxos arquivos permitan a estrita reprodución do traballo. Cada copia deberá especificar unicamente o título e o lema.

4. Os traballos deben ser remitidos á Secretaría da Real Academia de Medicina de Galicia, ao enderezo: rúa Durán Loriga, 10, 15003 A Coruña, antes do 31 de outubro do 2024, data en que quedará pechada a admisión.

5. Incumprir calquera das condicións anteriores supoñerá a eliminación automática do concurso.

6. O premio poderá declararse deserto.

■ CLÁUSULA DE PROTECCIÓN DE DATOS PARA TODOS OS PREMIOS DA REAL ACADEMIA DE MEDICINA DE GALICIA

En cumprimento do establecido na lexislación vixente en materia de protección de datos, o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016; a Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e comercio electrónico, e demais disposicións ditadas no seu desenvolvemento, os datos facilitados polo participante en calquera tipo de premio da Real Academia de Medicina de Galicia serán responsabilidade desta, coa finalidade de xestionar a convocatoria, o desenvolvemento e a realización dos concursos, de conformidade co establecido nas bases destes. Este tratamento de datos é necesario e, ao presentarse, vostede consente expresamente o tratamento como participante, segundo figura neste documento.

Os seus datos persoais non serán cedidos a ningún tipo de organización nin pública nin privada, e quedan baixo a responsabilidade da Real Academia de Medicina de Galicia.

A base xurídica que lexitima este tratamento será o consentimento outorgado ao participar de forma voluntaria, o cal implica unha aceptación expresa das bases da convocatoria. Coa finalidade descrita, os datos serán conservados durante un período de 3 anos desde a finalización do concurso para liquidar as posibles obrigacións ou responsabilidades legais derivadas do tratamento.

X

DISCURSO INAUGURAL DO CURSO ACADÉMICOS 2024



Pronunciado polo académico numerario titular da cadeira territorial de Vigo, o doutor Pedro Gil Gil.



■ XUBILACIÓN DUN CIRURXIÁN. A VIDA SEGUE

Excelentísimo Señor Presidente da Real Academia de Medicina de Galicia, ilustrísimas autoridades e representacións, ilustrísimas señoras e señores académicos numerarios, señoras e señores académicos correspondentes, patrocinadores e receptores dos premios da academia, estimados amigos e compañeiros, querida familia,.

“Non hai espello que mellor reflecta a imaxe do home que as súas palabras”, dixo no seu tempo o humanista José Luis Vives. A palabra é o mellor vehículo das nosas ideas, recordos e sentimentos. Por iso hai que reivindicar sempre o dereito desta, como máxima expresión da nosa humanidade, e cumprir o deber de usala a prol da dignidade propia e allea. En oposición ao silencio, dixo Martín Lutter King: “Hai unha conduta máis escandalosa que a dos malvados, e é o silencio dos homes bos que calan e miran para outro

lado sen protestar polas maldades”. Pregúntome eu: non é unha inxustiza a xubilación obrigatoria?, non é unha forma de idadeismo oculto?, non é unha maldade o ataque e o desprezo que na actualidade sofren as nosas tradicións (os touros)? Confésovos ser feliz ao elixir Galicia para vivir, e ser acollido nesta ilustre institución, pero síntome un galego imperfecto ao non poder comunicarme no voso idioma, polo que vos pido perdón! Pero iso non será óbice para que o que expoña non o sinta coa profundidade que me inspira esta terra elixida.

Fago uso da palabra para levar a cabo una das tarefas que son propias dun académico numerario, en cuxa actividade figuran dous fitos sinalados: o discurso de ingreso e o de apertura de curso. Correspondeume, seguindo a quenda rotatoria establecida (reglamentariamente), a honra de pronunciar o discurso de apertura desta real academia polo ano 2024 e resúltame inevitable lembrar o meu discurso de ingreso. O 11 de febreiro de 2011, fun proposto polos académicos doutores Joaquín Potel Lesquereux, José Luis Nogueira March e Juan Varela para ocupar a cadeira de nova creación con inscrición territorial a Vigo. Desde esta tribuna quero expresar a miña máis sincera gratitude a quen pola súa bondade e agarimo tiveron a benevolencia de avalar a miña candidatura e de sometela a xuízo desta corporación. Aos vivos (Joaquín e Juan) reitérolles o meu agradecemento, e a ti, José Luis, que xa nos deixaches, dedícoche unha oración e un cariñoso recordo.

Se con ocasión do meu discurso de incorporación á academia non tiven dúbida de que o tema tiña que estar dedicado á cirurxía endócrina, pois a ela lle dediquei unha especial atención durante máis de cincuenta anos de exercicio profesional, hoxe debo confesarvos que a natureza deste discurso me presentou moitas dúbidas: se o que protagoniza a actualidade da medicina e da cirurxía actuais son temas relacionados coa bioloxía molecular, a inmunoloxía tumoral, a nanomedicina, as vacinas, a xenómica ou a cirurxía robótica, entre outros moitos que cabería enumerar, máis propios de conferencias ou leccións maxistrals, recoñezo que eu xa non son a persoa idónea para referirme a semellantes cuestións coa autoridade científica que existen. Tampouco creo que fose apropiado pronunciar un discurso sobre a cirurxía en xeral, que foi a principal motivación da miña vida profesional, nin divagar sobre cuestións xerais da actualidade, por importantes que estas sexan. As miñas capacidades retóricas respecto diso terían un límite

para deleitalos con belas palabras sobre asuntos políticos ou filosóficos que tivesen a pretensión de influír no seu modo de pensar ou, aínda máis ambiciosamente, na sociedade en xeral.

O propósito que guía hoxe as miñas palabras é moito máis humilde e adecuado a esta ocasión, que coincide coa realidade da miña xubilación; unha xubilación que no meu caso concreto non pode deixar de ser “a xubilación dun cirurxián”, dimensión indisociable do que foi a miña propia vida. A esta realidade, pois, dedico as reflexións que quero compartir con vostedes.

Pero dado que este discurso inaugural, ademais da versión que hoxe vou pronunciar de palabra, ten a oportunidade de aparecer publicado por escrito, reservei para esa ocasión unha segunda parte, cuxo contido se atopa relacionado directamente coa profesión, aínda que á vez tamén se atope ligado a momentos decisivos da miña propia vida. Refírome á “cirurxía taurina” que, como moitos dos presentes saben, constituíu para min unha dedicación profesional con raíces íntimas, pois remóntase remonta ás miñas primeiras vivencias e marcou a miña propia biografía. Con esta segunda parte xustifico dalgunha maneira ante este foro ese obrigado lado médico, que sen dúbida debe corresponder a un discurso do carácter que hoxe nos convoca. Con este tema tamén consigo vincular a estas alturas da miña vida dúas realidades para min inseparables: a profesional e a persoal. En todo caso, para coñecer esta segunda parte do discurso, os interesados terán que lela, porque a ela non me vou referir de palabra ante este auditorio.

O que pretendo transmitirles hoxe quizais sexa de natureza máis difícil que falar de algo profesional, porque falar sobre os sentimentos que se suscitan na vida de calquera persoa no momento tan crítico da súa xubilación non é tarefa fácil. Os humanos vemos pasar o tempo inexorablemente, pero hai momentos decisivos, que os antropólogos chaman “ritos de paso”, que adoitan marcar a vida das persoas, e a xubilación é un deles. De como se resolva e de como se represente este rito de paso vai depender, en certo xeito, boa parte do resto da vida.

Recoñezo que falo desde unha vida cumprida no profesional e agradecida por cumprir os seus soños, mesmo aqueles que non puideron realizarse de modo directo, como o de “ser toureiro”, pero que reclama unha vida máis alá da profesión, o que obedece á premisa de que unha vida debe ser plena

en cada un dos seus pasos, en lugar de considerar só algún deles como o principal. Iso mesmo quixo quizais dicir a coñecida filósofa francesa, Simone de Beauvoir, cando se referiu nesta pasaxe que transcribo á relación entre os individuos e a sociedade: “A sociedade só se preocupa do individuo na medida en que produce. Os mozos sábeno. A súa ansiedade cando abordan a vida social *é simétrica á angustia dos maiores no momento en que quedan excluídos...* Cando se comprendeu o que é a condición dos maiores non é posible conformarse con reclamar unha política de vellez máis xenerosa, cun aumento das pensións, con aloxamentos sans e leceres organizados. Todo o sistema é o que está en xogo e a reivindicación non pode ser senón radical: cambiar de vida”. Fronte a este diagnóstico tan certo da filósofa, que remite mesmo á exclusión como máximo perigo, quizais debamos volver escoitar aquel pensador que de todos os xeitos corrixía a perspectiva da inexorable relación inversa da felicidade e a vida. Refírome a Cicerón, que brillantemente acertou a dicir: “*É certo que moita xente maior é infeliz, pero a idade non é culpable*; os seus problemas son o resultado da súa falta de carácter, non do número de anos”. Fagamos, en fin, nosas as súas palabras, polo menos para enfrontarnos á inexorabilidade da idade, non só como un consolo, senón coa esperanza de que definan o curso seguinte da vida. A vida —e nós os médicos quizais deberíamos sabelo mellor ca ninguén— só termina unha vez; non fagamos, pois, que a xubilación sexa como unha anticipación desa inexorable morte. Está nas nosas mans, nas de cada un.

Teñen dereito vostedes a preguntarse, quizais sorprendidos pola miña iniciativa: por que falar de sentimentos nun discurso desta natureza? Eu, convencido, responderíalles: e por que non? Se mentres exercemos o noso traballo resulta máis difícil referirse aos sentimentos, aguilloados como estamos polas necesidades profesionais inmediatas, por que non aproveitar esta ocasión, máis tranquila e apropiada ao sentido desta “xubilación”, que elixín como tema do meu discurso? Así, ao fío desta pregunta, reitero un tópico compartido: por que será que nos custa tanto dicir as cousas tal como as pensamos?, por que nos resulta tan difícil expresar os nosos sentimentos?, acaso non deberíamos deixarnos guiar polas palabras do noso grande escritor castelán, Miguel Delibes, Premio Cervantes (1973), cando dicía: “As persoas son como os paraugas, que se non se abren non serven para nada”? En efecto, se as persoas non nos abrimos nalgún momento da nosa vida, se non compartimos emocións nin sentimentos, tampouco saberemos mostrar o

que nos fai persoas ademais de profesionais. Inmersos como estamos nunha cultura na que se nos fixo crer que mostrar os sentimentos é unha debilidadade, deberíamos recoñecer que só desde a sensibilidade cara a un mesmo e a apertura cara aos demais podemos crecer emocionalmente. É verdade que coñecemos mellor non é tarefa fácil e que o afán de aparentar pesa sobre os nosos comportamentos moito máis do que “pensamos, pois nunca ofrecemos unha soa cara, como tamén albiscou o noso famoso pensador español: “Tres unamunos hai en min: o Unamuno que son en realidade, o Unamuno que quere ser e o Unamuno que os demais pensan que son”, e este último é o que moitas veces máis nos inflúe.

Ao elixir este título que lles brindo, “A xubilación dun cirurxián”, chamoume a atención que na literatura médica se escribise tan pouco acerca dun destino que nos afecta a todos, e especificamente aos que nos dedicamos a esta profesión, como se a xubilación fose un acontecemento ao que o mesmo médico non se quixese enfrontar abertamente. Pero, preguntome eu: acaso un é cirurxián para sempre?

Eu sono desde 1972, e case de forma continuada desde entón: baste dicir que vivín máis horas á luz da lámpada do quirófano ca na casa. Coa miña profesión gocei tanto como sufrín e ata chorei caladamente. A cirurxía foi o meu mundo e nel sentínme seguro. Tentei infundirlles esta seguridade a todos aqueles profesionais que colaboraron comigo e tamén me esforcei en lle transmitir esa mesma seguridade ao paciente que confiou o seu problema de saúde ao meu criterio e habilidade. Creo que profesionalmente xa fixen todo o que podía e quería facer. Por iso vexo chegado tamén o momento de despedirme dunha actividade que, ademais dun bo pulso, require incorporar técnicas novas que obrigan a ter que pasar constantemente por unha nova aprendizaxe. Neste momento, gozo xa vendo como os máis novos do equipo operan mellor ca min, e compráceme pensar que, se vou ser o seu paciente, estarei nas mellores mans, como outrora outros puideron sentirse comigo.

Sinto que empezou a declinar o día da miña querida profesión, ese declive ao que o filósofo Hegel se refire en termos tan lúcidos como enigmáticos, cando dixo que “a curuxa de Minerva só emprende o voo cando comeza o ocaso”. Como se sabe, a curuxa representa a Minerva, a deusa da sabedoría, unha sabedoría que só aparece de verdade ao final, cando o valor do coñecemento que a mente adquiriu se funde co da experiencia, xa comple-

tada, e ambos se recoñecen. Para min, ese longo día antes do ocaso foi o dunha vida enteira dedicada á cirurxía, seguindo o camiño que sempre me marcou unha vocación sincera, guiado polo que un dos pais da medicina moderna, Sir William Osler, definía como a “pedra filosofal” do médico: que ao mozo lle dá esperanza, ao adulto confianza e ao ancián serenidade, isto é: o traballo. Hoxe, sen maior orgullo, podo dicir que traballei e que, coa conciencia do deber cumprido, me atopo sereno, pero xusto por iso a piques de comezar unha nova vida.

Respecto diso, vénme á memoria un diálogo dunha película do cineasta italiano Michel Ángel Antonioni, *La notte*, que tiveron ocasión de ver cando era estudante en Salamanca: “É vostede dos que se preocupa do futuro? Eu organízome! A pesar de todo, o presente bástame. Hai tanto que facer. E o futuro, non o esqueza, pode que xamais comece”.

Pois ben, síntome afortunado: o “futuro” chegou, e quero que empece e teña o seu curso. Abrázoo, cando o esforzo pola actividade clínica diminuíu e o proxecto familiar de educar e formar os fillos, despois de ver como emprenderon o seu propio voo, concluíu. Deste futuro, pódoo dicir hoxe, forma parte inescusable abrir a porta aos soños que estiveron contidos e sempre postergados polo esixente cumprimento dun deber que, con todo, foi incapaz de destruílos.

Efectivamente, fomos enchendo a maleta da vida de evidencias, recordos e soños postergados, que agora, na nova situación que se avexiña, debemos rescatar, sacar á luz e consentilos co acougo propio dos que xa non teñen présa por chegar a ningunha meta, excepto a de compartir toda esa bagaxe vital cos que ata o de agora só o compartimos de modo obrigatoriamente circunstancial: a parella, os fillos, os netos e, como non, tamén os amigos. En certo xeito, trátase de lles devolver o tempo que lles roubamos, sobre todo á nosa propia familia, sen pretendelo. O futuro é o horizonte dese tempo e, como nos lembraba o xenial Woody Allen, é un tempo importante: “Interésame o futuro porque é o lugar onde vou pasar o resto da miña vida”, dicía cheo de certa ironía. Se esa vida vai ser máis curta en canto á cantidade de anos, non debería selo en canto á calidade e ao agarimo que poidamos darlle, sabendo que afrontar con claridade o futuro esixe entender con valentía o pasado (José Ortega e Gasset).

O camiño da vida é un traxecto, suxeito a continuos cambios, que sempre atravesa diferentes etapas, cada unha coas súas características, posibilidades e, como non, coas súas limitacións. E, entre esas etapas, a transición do traballo á xubilación —esa finalización da actividade laboral— é quizais a que maior ruptura produce e, en consecuencia, tamén a que maior adaptación require. Poderíase falar mesmo dunha loita: abandonar antigas rutinas e adquirir novos costumes, inéditos ata o de agora. Pero gañar unha nova perspectiva da nosa vida fronte á vivida ata ese momento sen darnos conta do seu paso non é tarefa sinxela. Enfrontámonos a un novo tempo, con toda a incerteza que supón o novo e o descoñecido. Porque o (cirurxián), como outros profesionais, entregado dunha maneira incesante a enriquecer e a actualizar os seus coñecementos para o exercicio responsable da súa profesión, case nunca prevé esa necesaria adaptación que lle vai chegar e, cando o fai, faíno cargado de interrogantes, que en moitas ocasións aparecen como fontes de ansiedade.

En realidade, o primeiro interrogante, tan decisivo, xa comeza xusto antes da propia xubilación: en que momento debemos deixar a práctica activa do noso quefacer médico-cirúrxico?, esta é unha pregunta de orde vital que afecta como poucas a definición da nosa propia vida. A pregunta convoca a unha decisión que só pode tomarse baseada na máis íntima responsabilidade persoal, ditada nunha recta conciencia formada ao longo de toda a vida individual, familiar e profesional: hai que seguir na actividade profesional o maior tempo posible?, hai que retirarse ao primeiro sinal de inseguridade? Se algúns queren continuar a profesión custe o que custe, por costume ou por temor á inactividade —porque non saberían facer outra cousa—, ou quizais atemorizados secretamente polo proverbio africano que di que “o home pasa a súa vida construíndo a súa casa e, cando a casa está acabada, morre”, coma se só a continuación do traballo escorrentase a morte, outros encaran esta situación cheos de angustia porque, despois de dedicarse aos seus enfermos máis de corenta anos, unha vez liberados das súas responsabilidades cirúrxicas, tras saborear brevemente o momento do tránsito, abúrrense despois da súa inactividade igual que no verán se poden aburrir do sol.

E que pensar, como o último agasallo que un se fai a si mesmo ou como o intento por diferir unha decisión urxente, de concederse unha posible pró-

rroga, de finalización sempre incerta? A prórroga só podería ser aceptable en condicións honrosas: non se debe parasitar o antigo servizo para operar nel unha vez ao mes ou facer cirurxías de “rebaixas” nunha clínica inadecuada ou unha investigación confidencial nun laboratorio mal equipado. Pola contra, habería que pensar que, fronte a esas actividades sucedáneas, se poden desenvolver tarefas máis nobres, como por exemplo volver ver antigos enfermos operados ao longo da carreira profesional ou axudar os mozos internos (MIR) nas súas primeiras operacións. Pois a xubilación non debería ser considerada como un cesamento da actividade, senón como o cambio a unha nova, por diferente que sexa á exercida ata o momento.

Neste punto, con todo, síntome obrigado a facer unha paréntese, porque se a xubilación vén obrigada por esa inexorable lei de vida, que pensar de como nos chegou a tantos no noso país, España, de xeito evidente, antes de tempo? Nun momento no que o exercicio da profesión se desenvolvía con maior serenidade, seguridade e conciencia, a xubilación sobreveu no noso medio dun modo obrigatorio e ata desapiadado, deixando interrompida dun modo abrupto a propia capacidade para exercer, ensinar e transmitir. En lugar dun tránsito voluntario, froito da reflexión, a xubilación volveuse unha fría imposición, a aplicación inexorable de leis dunha cultura que non comprendeu que a idade biolóxica non se corresponde en moitos casos coa capacidade intelectual e executiva do individuo. Un home, en definitiva, non envellece cando se lle engurra a pel, senón cando se engurran os seus soños e as súas esperanzas. Por iso, unha sociedade que desestima o caudal de coñecementos e experiencias que posúen os maiores, un grupo que, paradoxalmente, aumenta de modo acelerado, que dispón de tempo, que conserva as súas capacidades lóxicas e as súas habilidades, as súas plenas actividades verbais e, o que é máis importante, as súas motivacións, os seus intereses e a súa capacidade de cumprir, é unha sociedade que prescinde de enerxías que non vai poder substituír por ningún medio. Resulta dificilmente entendible este *apartheid* exclusivamente cronolóxico nun momento como o actual, no que prima o respecto polo medio ambiente e a súa preservación (todo o que engloba o termo ecoloxismo), que atende o último vestixio de antigüidade nas cidades, xa se trate dun remoto azulexo ou dunhas ruínas, e porén non ten en conta esoutro patrimonio humano que atesouran os maiores. Pode permitirse a sociedade malgastar unha riqueza humana desa natureza? Se o fai, é unha sociedade desnortada que debe reflexionar sobre

o paradigma do envellecemento activo se non quere sucumbir ao simple afán de prolongar a vida por prolongala, sen unha meta que cumprir, pois, de que vale vivir máis se se trata dunha vida inane, na que non se pode verter a experiencia e o coñecemento vividos? A obrigada xubilación non debería ser, como se entendeu no noso país, unha imposición a destempo. Ao contrario, o momento da xubilación debería sobrevir voluntariamente, froito dunha decisión responsable, compartida entre a Administración e o propio actor, neste caso o cirurxián. Pero, en definitiva, á marxe desa externa regulación administrativa, cando abandonar?

A cirurxía é unha ciencia, e á vez unha arte, que demanda do cirurxián características moi especiais, tales como a vocación, o temperamento, a intelixencia, o valor, a audacia, o criterio, a decisión, a destreza manual, a fortaleza física e, como non, o amor ao estudo. Pero sobre todo é unha actividade que esixe bases morais e éticas moi sólidas. Con estas características, compréndese que a cirurxía, empregando palabras moi sinxelas, se faga simultaneamente co cerebro, co corazón e coas mans. Cando esa coordinación harmónica entre a mente, a vontade e as mans comeza a fallar, é cando aparecerá a primeira diminución da destreza para executar unha operación coa brillantez e perfección de antes. Se hai que estar atento a que esa harmonía de capacidades e funcións non rompa, sobre todo hai que saber detectar sen enganos o primeiro sinal desa interrupción.

Nunca debemos esquecer que a nosa obrigación é operar ben os nosos pacientes e, por iso, o retiro ten que producirse antes de que a diminución do conxunto destas facultades físicas e mentais afecten a destreza para facelo ao mellor nivel. Naturalmente, a idade para retirarse no momento adecuado será distinta en cada cirurxián, segundo as súas características e o seu traxecto, en cada caso moi persoais. Á hora de tomar semellante decisión, o cirurxián debe sacrificar o seu orgullo e amor propio e antepoñer sempre a seguridade do paciente, para o que se ha de abster de realizar operacións sen todas as garantías.

No meu caso, debo dicilo, esta situación non chegara cando me vin obrigado pola Administración e, aínda que me atopaba en plenas facultades, o calendario normativo non perdoou: acababa de cumprir 65 anos, o que supoñía que tiña que abandonar a medicina pública tras corenta e un anos de intensa dedicación. Era a miña opción retirarme á vida contemplativa,

cando aínda me atopaba animado con proxectos e coa capacidade suficiente para desenvolverlos? Certamente, esta perspectiva non estaba na miña disposición mental nin moral. Así pois, como era esixido, dispúxenme a dar a testemuño nesa carreira da vida, pero sen deixar persoalmente de correr, para poder dar o máximo mentres aínda me atopase na pista, aínda que esa pista fose xa allea á da Administración.

En todo caso, cando toque, a xubilación non debe ser considerada como un cesamento da actividade, senón como unha transformación desta: un cambio que leve implícita a elección dun estilo de vida; pero, de novo hai que dicilo, unha elección que nunca vai xurdir dun modo imprevisto nin arbitrario, senón como resultado dun proceso continuo de identificación de antigos desexos e necesidades, de plans non realizados e de soños aínda non cumpridos. Isto é o que constitúe a esencia dunha acertada xubilación, o que quere dicir que a xubilación comeza moito antes do momento administrativo no que se executa: faino xa na nosa vida profesional e desde ela habería que preparala.

Se a organización do tempo durante a vida laboral sempre se fixo conforme á procura da efectividade no traballo, sen que iso fose óbice para que tamén do mesmo xeito se perseguise a felicidade, fundamentada esta última en cumprir ben co que se facía, en estar a gusto consigo mesmo e co que achegaba a nosa tarefa, os parámetros útiles para a obrigada reformulación na etapa de xubilación non teñen por que variar, aínda que agora se orienten a outros e novos obxectivos. Trátase de aproveitar a oportunidade para o desenvolvemento persoal e social, así como a dedicación a actividades acordes á nosa personalidade e preferencias que antes non puidemos cumprir ou que o fixemos moi parcialmente. Pero se iso implica un cambio na organización do tempo, pois pásase dun horario laboral indiscutido a vivir un tempo libre, a abordaxe deste último, contra o que se poida pensar, require moita formación e disposición moral e, sobre todo, moita anticipación. En realidade, ese cambio é un reto difícil, cheo de responsabilidade con nós mesmos e cos que nos rodean. É o momento de facer valer as experiencias vitais acumuladas, o capital intelectual, cultural e social que se construíu ao longo de toda a vida e que agora ten que emerxer gañando un novo protagonismo e dedicado a outras metas. Trátase de construír ese protagonismo a partir de recoñecer a nova posición na vida da persoa e

os seus roles. Esta etapa ten que afrontarse como quen constrúe —e non simplemente acepta— ese novo momento biográfico, dunha incuestionable importancia moral, pois en definitiva estaríamos a construír a imaxe que acabará resumindo e proxectando a nosa vida completa.

Porque esta nova etapa, á que sen ningún medo lle podemos chamar a etapa final, a diferenza doutras anteriores, é unha etapa desde a que poderemos contemplar a nosa vida de forma completa: por unha banda, cara ao futuro que nos agarda, organizándoo, pero, por outra banda, cara ao pasado, xa que é a primeira vez na vida que podemos mirar cara atrás coa perspectiva case completada e é tamén o momento de facer unha reflexión do que foi o noso proxecto vital no seu conxunto. Se resulta importante analizar a que queremos dedicar a nosa vida futura, seleccionando as actividades nese novo tempo libre, non menos importante é que a reflexión sobre o pasado gañe un peso novo. A xubilación conxuga misteriosamente esas dúas instancias do tempo e fai que pasado e futuro poidan convivir coa serenidade e en harmonía. Por iso esta nova etapa require dun exercicio de liberdade, cheo de valor, para enfrontarnos ao que fomos e fixemos, coas súas equivocacións e acertos, e ao que aínda queremos ser e facer. Ese exercicio de liberdade implica ter vontade, saber exercer o coñecemento e administrar o poder.

